Orde do __ de _____ de ____, pola que se describen as probas selectivas, os temarios e os baremos de méritos aplicables aos procesos de ingreso, promoción interna e provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, incluída a subescala facultativa, así como aos procesos de acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e de selección de persoal auxiliar de policía local

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, establece o marco legal da selección e da carreira profesional nos corpos de Policía Local de Galicia. En particular, o capítulo I do seu título V regula o ingreso, a promoción interna e a mobilidade nas distintas categorías destes corpos, mentres que o seu artigo 26 prevé a posibilidade de creación e provisión de prazas da subescala facultativa. Pola súa banda, o título VIII da citada lei regula o réxime aplicable ao persoal vixiante municipal e ao persoal auxiliar de policía local.

O Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, establece o marco regulamentario dos procesos de ingreso, promoción interna e provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, así como dos procedementos de acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e de selección de persoal auxiliar de policía local. En particular, os seus artigos 26.6, 33, 35.2, 44.4 e 48.2 prevén que a descrición das probas selectivas, os temarios e os baremos de méritos aplicables aos devanditos procesos sexa determinada mediante orde da consellería competente en materia de coordinación de policías locais.

En desenvolvemento desa habilitación regulamentaria e ao abeiro do disposto na disposición derradeira terceira do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, esta orde establece un marco común e actualizado para a descrición das probas selectivas, dos temarios e dos baremos de méritos aplicables aos procesos de ingreso, promoción interna e provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, incluída a subescala facultativa. Así mesmo, regula as probas selectivas e os temarios aplicables ao acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e á selección de persoal auxiliar de policía local.

Esta orde axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e aos principios establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

En particular, responde aos principios de necesidade e eficacia, ao concretar a descrición das probas selectivas, os temarios e os baremos de méritos dos procesos de selección, promoción e mobilidade previstos na normativa de coordinación, garantindo un marco común e actualizado. En virtude do principio de proporcionalidade, a orde limita o seu contido ao imprescindible —probas, temarios

e baremos—, permitindo que as bases de cada convocatoria concreten os aspectos de desenvolvemento que correspondan; e, conforme ao principio de seguridade xurídica, achega coherencia e estabilidade aos procesos selectivos mediante regras claras, previsibles e homoxéneas.

A orde tamén atende aos principios de eficiencia e racionalización, ao ofrecer ás entidades convocantes un instrumento técnico e xurídico de referencia para a configuración das súas convocatorias, reforzando a homoxeneidade mínima dos procesos selectivos e a igualdade de oportunidades das persoas aspirantes.

En consecuencia, e no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e pola disposición derradeira terceira do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, e logo do informe preceptivo da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, emitido na súa sesión do XX de XXX de XXX, ao abeiro do disposto no artigo 17.1 a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto describir as probas selectivas, os temarios e os baremos de méritos aplicables aos procesos de ingreso, promoción interna e provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, incluída a subescala facultativa; así como a descrición das probas selectivas e os temarios aplicables aos procesos de acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e de selección de persoal auxiliar de policía local, de conformidade co previsto no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta orde será de aplicación aos procesos selectivos de ingreso, promoción interna e provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, incluída a subescala facultativa, así como aos procesos de acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e de selección do persoal auxiliar de policía local, que sexan convocados polos concellos ou pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Artigo 3. Probas de selección, temarios e baremos

A descrición das probas selectivas, dos baremos de méritos e dos temarios son os que se recollen nos anexos desta orde, estruturados do seguinte xeito:

Anexo I. Ingreso na categoría de policía: probas selectivas e temario

Anexo II. Acceso ás categorías de oficial, inspector, inspector principal e intendente: probas selectivas, temarios e baremo de méritos para a fase de concurso. Mobilidade con ascenso

Anexo III. Acceso ás categorías de intendente principal e superintendente: baremo para o concurso de méritos

Anexo IV. Provisión de postos vacantes por mobilidade na mesma categoría

Anexo V. Ingreso nas diferentes categorías da subescala facultativa: probas selectivas e temario da parte xeral

Anexo VI. Acceso ás prazas de persoal vixilante municipal: probas selectivas e temario

Anexo VII. Selección de persoal auxiliar de policía local: probas selectivas e temario

Disposición adicional primeira. Modelo de bases

Por resolución do órgano directivo competente en materia de coordinación de policías locais poderá aprobarse un modelo de bases para as convocatorias dos procesos selectivos de ingreso, promoción e provisión de postos vacantes nas distintas categorías dos corpos de Policía Local, así como para o acceso a vixiante municipal e para a selección de auxiliares de Policía Local.

O devandito modelo publicarase na páxina web da consellería competente en materia de coordinación de policías locais.

Disposición adicional segunda. Persoal técnico especialista e colaborador

Os tribunais de selección poderán contar, cando resulte preciso, con asesoramento técnico especializado para a realización de valoracións, probas ou informes de carácter técnico. Este asesoramento deberá prestarse por persoal técnico especialista, designado directamente polo órgano convocante ou mediante a contratación dunha entidade especializada.

En ambos os casos, o persoal técnico especialista que interveña limitará a súa actuación á colaboración na súa especialidade, emitindo, se procede, os informes ou resultados técnicos correspondentes, e asistirá ás sesións do tribunal con voz e sen voto, sen que poida participar na deliberación nin na adopción de acordos de cualificación.

Así mesmo, o tribunal poderá contar con persoal colaborador para a realización de tarefas de carácter material, técnico ou auxiliar necesarias para o desenvolvemento das probas, sen que, en ningún caso, poida intervir na cualificación, deliberación ou adopción de acordos do tribunal.

Disposición adicional terceira. Medidas de garantía da integridade das probas

O órgano convocante e o tribunal adoptarán as medidas organizativas e de control necesarias para garantir a integridade das probas selectivas e evitar condutas fraudulentas. En particular, poderá establecer:

a) A prohibición de acceso e uso de calquera dispositivo electrónico durante a realización das probas.

b) Medidas de control de acceso, custodia de pertenzas e asignación de asentos.

c) Sistemas de identificación das persoas aspirantes.

d) Calquera outra medida proporcionada que se considere necesaria.

A utilización de calquera medio fraudulento na realización das probas, sempre que quede acreditado, incluídos os casos en que a súa detección ou coñecemento polo tribunal sexa posterior á realización destas, dará lugar á expulsión inmediata do proceso selectivo. A administración competente reservarase a posibilidade de adoptar cantas medidas procedan ao respecto, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias, civís ou penais que poidan derivarse.

Disposición transitoria única. Réxime aplicable ás convocatorias en tramitación

As convocatorias dos procesos de selección para o ingreso, a promoción interna e a provisión de postos vacantes por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, incluída a subescala facultativa, así como as convocatorias para o acceso ás prazas de persoal vixiante municipal e para a selección de persoal auxiliar de policía local, que fosen publicadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde, rexeranse polas súas correspondentes bases reguladoras.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Queda derrogada a Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

Disposición derradeira primeira. Habilitación

Facúltase a persoa titular do órgano directivo competente en materia de coordinación de policías locais para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal

Anexo I. Ingreso na categoría de policía, escala básica: probas selectivas e temario

1. Probas da fase de oposición

De conformidade co disposto no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, o ingreso na categoría de policía realizarase polo sistema de oposición. Así mesmo, o citado decreto establece que as probas que integran a fase de oposición, na orde en que deberán realizarse, son as seguintes:

a) Probas de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.

b) Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aquelas persoas que non puidesen acreditalo documentalmente e que se realizará xunto coa proba anterior.

c) Probas de aptitude física.

d) Probas psicotécnicas.

e) Recoñecemento médico.

Estas probas son eliminatorias, sendo preciso acadar a cualificación mínima establecida en cada unha delas para continuar no proceso selectivo.

2. Probas de avaliación dos coñecementos

2.1. A proba de avaliación dos coñecementos consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cen (100) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta.

As preguntas axustaranse ao temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de dez (10) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de cento vinte (120) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que, unha vez cualificada as probas de coñecementos, só sexan convocadas para realizar o resto das probas as persoas aspirantes que, por orde decrecente de puntuación, acaden as mellores cualificacións, cun número que non poderá ser inferior, en ningún caso, ao dobre das prazas convocadas, sempre que obteñan unha puntuación mínima de cinco (5) puntos, unha vez efectuadas as deducións que correspondan.

2.2. Temario

1. A Constitución española de 1978: estrutura, contido e valores superiores do ordenamento xurídico. O Estado social e democrático de dereito. A soberanía nacional e a forma política do Estado.
2. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
3. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. O Defensor do Pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
4. As institucións do Estado na Constitución española. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
5. A organización do poder e do territorio no Estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución española.
6. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento, Presidencia e Consello da Xunta. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía. A persoa Valedora do Pobo
7. O Tratado da Unión Europea (TUE) e o Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE): principios básicos. Principais institucións da Unión Europea: Parlamento Europeo, Consello Europeo, Consello da Unión Europea, Comisión Europea e Tribunal de Xustiza da Unión Europea: Composición e funcións básicas. O dereito derivado da Unión Europea: regulamentos, directivas e decisións.
8. O dereito administrativo. fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos: alzada e reposición; recurso extraordinario de revisión.

9. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. Estrutura do procedemento administrativo. A administración electrónica.
10. A Administración local española: regulación xurídica e principios xerais. As entidades locais: clases, elementos e potestades. A autonomía local. O municipio: territorio e poboación. O padrón municipal de habitantes.
11. Competencias municipais. Organización e funcionamento do concello. Órganos de goberno: Pleno, Alcaldía, Xunta de Goberno Local e outros órganos municipais. Réxime de sesións e adopción de acordos. A Policía Local como servizo municipal.
12. Actividade normativa e de intervención municipal. Ordenanzas, regulamentos e bandos municipais: elaboración, aprobación e publicación. Licenzas, comunicacións previas e declaración responsable: conceptos e tramitación.
13. Función pública local: clases de persoal. Adquisición e perda da condición de persoal funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades do persoal funcionario. Situacións administrativas.
14. Lei de forzas e corpos de seguridade: disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. A Policía Local. As Xuntas Locais de Seguridade.
15. Lei de protección da seguridade cidadá. Disposicións xerais. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e establecemento da seguridade cidadá. Potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador.
16. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento: organización, selección, formación, mobilidade e réxime disciplinario.
17. Lei de emerxencias de Galicia: disposicións xerais; dereitos e deberes; organización administrativa e competencias; acción pública de protección civil e emerxencias; medidas de autoprotección privada; persoal; financiamento. Protección civil municipal.
18. Policía administrativa I: intervención municipal en materia de consumo, mercados, venda ambulante, espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
19. Policía administrativa II: Intervención municipal sobre actividades e uso do dominio público. Licenzas, declaración responsable e comunicación previa.

Ocupación da vía pública. Inspección, disciplina e medidas de policía administrativa.

20. Policía administrativa III: urbanismo e medio ambiente. Infraccións e sancións urbanísticas. Residuos, normativa autonómica: disposicións xerais, organización e competencias, vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora. Contaminación acústica e ruídos: identificación da normativa aplicable; competencias municipais en materia de prevención, vixilancia, inspección e control.
21. Policía administrativa IV: Protección e benestar dos animais de compañía. O réxime xurídico dos animais considerados potencialmente perigosos: licenza e a responsabilidade e obrigacións das persoas propietarias e posuidoras.
22. O Código Penal: delitos e penas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables.
23. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
24. Delitos contra a Administración pública. Delitos cometidos por persoal funcionario público: prevaricación, abandono de destino, desobediencia, denegación de auxilio, infidelidade na custodia de documentos, violación de segredos, suborno, tráfico de influencias, malversación.
25. Delitos contra as persoas: homicidio e as súas formas, lesións, delitos contra a liberdade, contra a liberdade sexual, contra a intimidade e a propia imaxe.
26. Delitos cometidos por funcionario público contra as garantías constitucionais. Delitos contra a liberdade individual, contra inviolabilidade do domicilio e demais garantías da intimidade, contra outros dereitos individuais e contra a liberdade de conciencia e os sentimentos relixiosos. Delitos de odio.
27. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica: furtos, roubos, estafas, apropiación indebida e danos, usurpación, substración de cousa propia, extorsión roubo e furto e uso.
28. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades típicas, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
29. Delitos informáticos e ciberdelincuencia básica: delitos contra a intimidade en contornas dixitais e protección de datos, aspectos básicos.

30. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
31. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades do/da axente de policía. Detención do menor e outros supostos especiais.
32. Lei de tráfico e seguridade viaria e normativa de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais en materia de tráfico. Documentación de vehículos.
33. Normas de circulación e circulación especial I: posición na vía e emprego dos carrís, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos. Parada e estacionamento.
34. Normas de circulación e circulación especial II: Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas, transporte público e vehículos de mobilidade persoal.
35. Alcol e drogas na condución: límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.
36. A sinalización viaria e regulación do tráfico. Clasificación, normas xerais de sinalización e orde de prioridade. Regulación do tráfico polos axentes da autoridade.
37. Procedemento sancionador en materia de tráfico. Persoas responsables das infraccións e competencia sancionadora. Medidas provisionais e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos dá vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e infraccións graves.
38. Accidentes de circulación. Definición e tipoloxías. Actuación da Policía Local.
39. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos da actividade policial e a súa xestión.
40. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lexislación de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial ao abeiro da normativa do Estatuto da Vítima do Delito.

3. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega

A proba de avaliación do coñecemento da lingua galega consistirá na tradución por escrito dun texto do castelán ao galego e outro texto do galego ao castelán, elixidos por sorteo entre dous (2) textos propostos polo tribunal de cada alternativa.

O tempo máximo para a realización da proba será sesenta (60) minutos.

Esta proba cualificarase como apto/a ou non apto/a, sendo necesario obter a cualificación de apto/a para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento da lingua galega conforme ao nivel Celga 4 exixido no proceso selectivo.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal técnico especialista en lingua galega, que limitará a súa actuación á colaboración na súa especialidade técnica e asistirá ás sesións con voz e sen voto.

De conformidade co Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, están exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 4 ou equivalente, homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

A acreditación da exención deberá realizarse mediante a presentación da documentación xustificativa nos termos e prazos previstos na convocatoria, e en todo caso con anterioridade á realización desta proba. A falta de acreditación no prazo establecido determinará a obrigatoriedade de realizar a proba.

4. Probas físicas

4.1. Requisitos previos e acreditación de aptitudes

Para a realización das probas de aptitude física, as persoas aspirantes deberán comparecer provistas de vestimenta deportiva axeitada. No día de realización destas probas, as persoas aspirantes deberán acreditar a súa aptitude mediante a presentación dun certificado médico oficial, subscrito por facultativo/a colexiado/a, no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas. A presentación do devandito certificado non exime da realización do recoñecemento médico previsto como proba do proceso selectivo.

O certificado médico debe ser expedido dentro dos quince (15) días naturais inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude

física. A non presentación do devandito certificado no momento indicado determinará a exclusión automática do proceso selectivo da persoa aspirante e, en consecuencia, a súa non participación nas probas de aptitude física.

No suposto de que algunha aspirante, na data de celebración das probas físicas, se atope en situación de embarazo, parto ou puerperio, debidamente acreditada, aplicarase o réxime previsto no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

4.2 Cualificación e carácter das probas

A cualificación global das probas de aptitude física será de apto/non apto. As probas terán carácter obrigatorio e eliminatorio, de xeito que para ser declarada apta será necesario obter a cualificación de apto en cada un dos exercicios que as integran.

4.3 Tipos de probas físicas

As probas desenvolveranse pola seguinte orde e con marcas diferenciadas por sexo:

a) Velocidade

b) Forza do tren superior

c) Forza do tren inferior

d) Resistencia

e) Natación

4.4. Proba de velocidade

A proba consistirá na realización dunha carreira de 50 metros lisos, que se desenvolverá nunha pista de atletismo.

A persoa aspirante situarase na estaxe e no punto de saída que lle indique o persoal responsable da proba e deberá manterse na estaxe asignada durante todo o percorrido. A invasión doutra estaxe distinta da asignada determinará a eliminación da persoa aspirante.

A saída poderá efectuarse, á elección da persoa aspirante, en calquera das seguintes posicións:

a) Saída de pé. A persoa aspirante colocarse na estaxe asignada, sen pisar a liña de saída indicada polo persoal responsable, sen apoio das mans na pista e sen empregar tacos de saída, coa proxección dos ombreiros sobre a liña de saída.

b) Saída agachada. A persoa aspirante colocarase na estaxe asignada, sen pisar a liña de saída indicada polo persoal responsable e sen empregar tacos de saída, coa proxección dos ombreiros sobre a liña de saída, podendo apoiar unha ou as dúas mans no chan, sempre que non toquen a liña de saída.

Para obter a cualificación de apto/a será necesario non exceder as seguintes marcas máximas, expresadas en segundos:

- Homes: 7,50 s (7´´50)
- Mulleres: 8,40 s (8´´40)

A proba poderá realizarse ata un máximo de dous intentos. O segundo intento só poderá efectuarse cando a persoa aspirante non acade no primeiro intento unha marca dentro dos tempos establecidos para a cualificación de apto/a, ou cando o primeiro intento non fose declarado nulo por erro invalidante.

Constituirán erros invalidantes, que implicarán a cualificación de non apto sen dereito a repetición, apreciados polo tribunal cualificador, os seguintes: a saída falsa, a invasión dunha estaxe distinta da asignada, o abandono voluntario da proba e a simulación de caída ou calquera outra conduta que supoña a interrupción inxustificada da proba.

4.5. Proba de forza do tren superior:

A proba de forza do tren superior realizarase nun ximnasio ou campo de deportes, mediante a utilización dunha barra fixa horizontal, sen aristas, instalada a unha altura axeitada. Se fose preciso, facilitarase un elemento auxiliar (cadeira, banco, escaleira ou similar) para que a persoa aspirante poida colocarse na posición inicial, sen que este elemento poida empregarse durante a execución.

A proba cualificarase como apto/non apto e permitirase un máximo de dous intentos.

4.5.1) Homes. Flexións de brazos en barra fixa (dominada estrita)

A execución realizarase do seguinte xeito:

a) Posición inicial: a persoa aspirante situarase en suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans cara a adiante, coas mans núas, e cos brazos e pernas totalmente estendidos. Iniciará a proba cando así o indique o persoal responsable.

b) Execución: efectuarase unha flexión completa ata conseguir que o queixo quede por riba da barra, sen contacto con ela.

c) Retorno: antes de iniciar unha nova repetición, será obrigatorio regresar á extensión completa dos brazos, recuperando a posición inicial.

As repeticións deberán executarse de forma continuada, sen paradas. Só se computarán as flexións completas realizadas correctamente.

Non se permitirá, e terá a consideración de execución incorrecta, calquera dos seguintes supostos:

- o balanceo do corpo;
- a axuda mediante movementos das pernas;
- as paradas durante a execución;

- as soltas, cambios de agarre ou modificacións da posición das mans durante a proba.

Para obter a cualificación de apto será necesario realizar un mínimo de 10 flexións completas.

4.5.2) Mulleres. Suspensión en barra fixa

A execución realizarase do seguinte xeito:

a) Posición inicial: a persoa aspirante situarase suspendida da barra, con brazos flexionados, presa coas palmas das mans cara atrás, coas pernas totalmente estendidas e sen contacto co chan.

b) A posición deberá manterse co queixo por riba da barra, sen contacto coa mesma, durante todo o tempo de suspensión.

Para obter a cualificación de apto será necesario manter a suspensión durante un tempo mínimo de 52 segundos (52´´00).

4.6. Proba de forza do tren inferior:

A proba de potencia do tren inferior consistirá na realización dun salto horizontal desde posición de parado, e desenvolverase nun ximnasio ou campo de deportes, sobre unha superficie horizontal, estable e axeitada para a execución do exercicio e para a medición das marcas.

A persoa aspirante colocarase de pé, detrás da liña de saída, sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Desde esa posición realizará un salto horizontal, debendo efectuar a recepción cos dous pés simultaneamente.

A marca obterase medindo a distancia existente entre a liña de saída e a pegada de caída máis próxima á devandita liña.

Considerarase execución incorrecta e, en consecuencia, determinará a cualificación de non apto, que na recepción do salto a persoa aspirante caia cara atrás ou realice calquera apoio posterior á caída cos brazos, pés ou calquera outra parte do corpo.

Para obter a cualificación de apto será necesario acadar, como mínimo, as seguintes marcas, expresadas en centímetros:

- Homes: 210 cm.
- Mulleres: 185 cm.

Permitirase un máximo de dous intentos.

4.7. Proba de resistencia

A proba de resistencia xeral consistirá na realización dunha carreira de 1.000 metros lisos, que se efectuará nunha pista de atletismo.

A persoa aspirante situarase no lugar que lle indique o persoal responsable da proba. A saída realizarase en posición de pé, ao sinal que se estableza pola supervisión.

Para obter a cualificación de apto será necesario non exceder as seguintes marcas máximas, expresadas en minutos e segundos:

- Homes: 3 min e 30 s (3'30''00)
- Mulleres: 4 min e 10 s (4'10''00)

A proba realizarase nun único intento.

Será cualificada como non apta a persoa aspirante que abandone a pista durante a carreira ou que realice unha saída nula, por iniciar a carreira antes do sinal emitido polo persoal técnico especialista da proba.

4.8. Proba de natación

A proba de natación consistirá en nadar vinte e cinco (25) metros, en estilo libre, e realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido establecido sen necesidade de realizar viraxes.

A persoa aspirante poderá adoptar a posición de saída, á súa elección, de calquera das seguintes formas:

a) Sobre a plataforma de saída ou no bordo da piscina.

b) No interior do vaso, caso no que deberá permanecer en contacto co bordo no punto de saída ata o sinal correspondente.

Emitido o sinal de saída pola persoa responsable da proba, as persoas aspirantes iniciarán a proba mediante impulso na parede ou mediante submersión, segundo a posición de saída adoptada, e efectuarán o percorrido empregando calquera estilo de natación.

Calquera saída realizada antes do sinal da persoa responsable da proba terá a consideración de saída nula e determinará a cualificación de non apto.

Para obter a cualificación de apto será necesario non exceder as seguintes marcas máximas, expresadas en segundos:

Homes: 22 s (22´´00)

Mulleres: 25 s (25´´00)

A proba realizarase nun único intento.

Para a realización da proba de natación, as persoas aspirantes deberán empregar traxe de baño, que achegarán elas mesmas, do modelo que libremente elixan. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares, así como calquera tipo de axuda á flotabilidade e/ou ao incremento da velocidade.

4.9. Control antidopaxe

No desenvolvemento destas probas poderase realizar o pertinente control antidopaxe ao número de persoas aspirantes que, logo do correspondente acordo, determine o tribunal.

O control será realizado por persoal habilitado conforme á normativa da Axencia Estatal Comisión Española para a Loita Antidopaxe no Deporte (CELAD). No caso de detectarse niveis de substancias prohibidas superiores aos establecidos como máximos admisibles pola normativa vixente en materia de dopaxe, a persoa aspirante será eliminada do proceso selectivo.

As persoas aspirantes, cando así sexan requiridas polo tribunal, terán a obriga de someterse ao control antidopaxe durante a realización das probas físicas ou fóra delas, ben por orde de clasificación nalgunha proba, ben por selección ao azar. Esta convocatoria realizarase por escrito, mediante o formulario oficial de control de dopaxe establecido nas normas da CELAD. As análises destinadas á detección ou comprobación de prácticas prohibidas realizaranse polo órgano especializado que corresponda.

A resistencia ou negativa expresa da persoa aspirante a realizar o dito control, ou a súa non comparecencia para a súa realización no lugar e no tempo en que sexa convocada, sen xustificación validamente acreditada, suporá a súa exclusión inmediata do proceso selectivo. Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, falta de atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar os controis antidopaxe na forma prevista na lei, ou sempre que calquera persoa aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras á que estivese obrigada a someterse.

Para estes efectos, considéranse prohibidas as substancias, grupos farmacolóxicos, métodos de dopaxe e manipulacións contidos no anexo da Resolución do 28 de novembro de 2023, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se aproba a lista de substancias e métodos prohibidos no deporte ou acordo que o substitúa.

A detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida suporá a exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito da persoa aspirante a solicitar a realización dun contraanálise, así como da posibilidade de formular ante o tribunal cualificador as alegacións que estime oportunas, conforme ao procedemento e nos prazos establecidos na normativa antidopaxe de aplicación.

4.10. Instalacións, medios técnicos e sistemas de medición

As probas físicas desenvolveranse en instalacións deportivas adecuadas, que reúnan as condicións necesarias para a súa correcta execución en función da natureza de

cada exercicio, garantindo, en todo caso, condicións de seguridade e homoxeneidade.

A medición e rexistro das marcas das probas físicas efectuaranse mediante sistemas oficiais de cronometraxe e rexistro, ou outros equivalentes de precisión homologados para as probas deportivas de carácter oficial, que aseguren a súa precisión e obxectividade e garantan a fiabilidade dos resultados obtidos por cada persoa aspirante, quedando excluída a cronometraxe manual como sistema único de medición.

5. Probas psicotécnicas

5.1. Obxecto, carácter e cualificación

As probas psicotécnicas terán por finalidade avaliar, de forma obxectiva, a capacidade mental e cognitiva e os trazos de personalidade das persoas aspirantes, a fin de determinar a súa adecuación ao desempeño das funcións propias da categoría de policía e comprobar que non concorren dimensións ou indicadores incompatibles co exercicio profesional. Terán carácter eliminatorio e cualificaranse como apto/a ou non apto/a, sendo necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas que as integran.

5.2. Persoal responsable e garantías técnicas

As probas serán realizadas e valoradas por persoal técnico especialista, con titulación adecuada, que será designado como persoal asesor do tribunal e asumirá a responsabilidade técnica da súa aplicación e avaliación. Empregaranse instrumentos normalizados, estandarizados e actualizados, con escalas de control, manual técnico e baremos poboacionais.

5.3. Estrutura das probas

A proba psicotécnica comprenderá:

a) Proba de intelixencia

b) Probas de personalidade

c) Entrevista persoal de contraste dos resultados obtidos.

As probas a que se refiren as letras a) e b) realizaranse na mesma sesión, de forma continuada, mediante os medios que garantan, de ser posible, a súa corrección anónima.

A entrevista persoal realizarase con posterioridade á corrección das probas anteriores.

5.4. Publicidade previa de criterios

Con carácter previo á realización das probas, o tribunal, seguindo as indicacións do persoal técnico especialista designado, fará públicos os criterios xerais de avaliación e cualificación, así como as regras de corrección aplicables e os parámetros técnicos relevantes.

5.5. Proba de intelixencia. Contido mínimo

A proba de intelixencia consistirá na valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes aspectos: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

Os criterios xerais que se terán en conta na realización desta proba son:

1. razoamento verbal;
2. comprensión lectora;
3. razoamento lóxico;
4. razoamento numérico;
5. razoamento abstracto;
6. aptitude espacial;
7. atención sostida;
8. memoria operativa;
9. velocidade perceptiva e resistencia a fatiga intelectual

5.6. Probas de personalidade. Contido mínimo e perfil

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial e o grao de adaptación persoal e social das persoas aspirantes, debendo, así mesmo, descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade que resulten incompatibles co desempeño das funcións.

O perfil policial requirido caracterizarase por niveis adecuados de:

1. estabilidade emocional;
2. control de impulsos;
3. regulación e afrontamento do estrés;
4. responsabilidade e integridade;
5. cooperación e empatía funcional;

6. respecto e capacidade de adaptación ás normas;
7. ausencia de trazos antisociais relevantes e habilidades interpersoais suficientes;
8. madurez psicolóxica e autoconfianza.

5.7. Entrevista persoal. Obxecto e límites

A entrevista persoal é unha proba técnica orientada ao contraste dos resultados obtidos nas probas de intelixencia e personalidade e consistirá na resposta a un cuestionario formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico global da persoa aspirante.

Sen prexuízo das características de personalidade indicadas, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: presenza de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde con impacto funcional; consumo excesivo ou de risco de alcol ou outras substancias e medicación relevante; expectativas respecto da función policial; capacidade de resposta baixo presión e detectar incoherencias relevantes.

A entrevista desenvolverase conforme a un guión predeterminado, elaborado polo persoal técnico especialista e aprobado polo tribunal, sen prexuízo de preguntas complementarias estritamente vinculadas á finalidade da avaliación.

Na entrevista non se poderán formular preguntas relativas a ideoloxía política, orientación sexual, relixión, vida privada non relevante para a función policial, nin calquera outro aspecto alleo á idoneidade profesional.

A entrevista será gravada en formato de audio e vídeo co obxecto de reforzar as garantías procedementais. A gravación non se realizará cando exista negativa expresa da persoa aspirante, que deberá quedar documentada mediante escrito asinado.

5.8. Cualificación e matriz de avaliación integrada

A cualificación final das probas psicotécnicas determinarase mediante unha matriz de avaliación integrada, que recolla os resultados obtidos na proba de intelixencia, nas probas de personalidade e na entrevista persoal, conforme aos criterios previamente publicados.

O resultado publicarase como apto/a ou non apto/a.

5.9. Comunicación do resultado e confidencialidade

As resolucións de non apto/a deberán notificarse á persoa interesada indicando, cando menos, os rasgos, factores ou escalas que non superou, de acordo cos criterios previamente publicados, sen prexuízo da confidencialidade dos datos e

informes técnicos, que quedarán sometidos á normativa de protección de datos e ao segredo profesional.

6. Recoñecemento médico

6.1. Obxecto e carácter

O recoñecemento médico terá por obxecto comprobar que as persoas aspirantes posúen a aptitude psicofísica necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría de policía, e que non padecen enfermidade, alteración orgánica, secuela, deficiencia física, psíquica ou sensorial que impida, limite ou dificulte o exercicio das devanditas funcións. Esta proba terá carácter eliminatorio e cualificarase como apto/a ou non apto/a.

6.2. Realización e probas complementarias

O recoñecemento será realizado por persoal facultativo con titulación habilitante, designado como persoal técnico especialista do tribunal, e comprenderá, cando menos, exploración clínica xeral e as comprobacións específicas que se consideren necesarias para determinar a aptitude. Para garantir a obxectividade do ditame médico, poderanse efectuar as probas complementarias que resulten pertinentes (incluídas analíticas de sangue e ouriña e probas funcionais), coa finalidade exclusiva de verificar as condicións de aptitude.

6.3. Criterio xeral de non aptitude

A declaración de non aptitude basearase sempre no criterio de incompatibilidade co desempeño das funcións policiais, valorándose os procesos patolóxicos de maneira individualizada polo persoal facultativo. En particular, poderá declararse non apta a persoa aspirante cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Procesos que imposibiliten a realización das probas físicas ou o aproveitamento dos períodos de formación nos prazos establecidos.

b) Procesos que, pola súa evolución previsíbel, poidan orixinar limitación permanente para o desempeño das funcións policiais.

c) Enfermidades ou secuelas que supoñan risco relevante para a seguridade propia ou allea no exercicio da profesión.

6.4. Patoloxías crónicas

Determinadas patoloxías crónicas (por exemplo, diabetes mellitus, infección por VIH, psoriasis, enfermidade celíaca ou outras análogas) non constituirán por si mesmas causa automática de exclusión, debendo valorarse a súa repercusión funcional, o grao de control clínico e o risco asociado ás tarefas propias do servizo.

6.5. Confidencialidade

O tribunal coñecerá exclusivamente o resultado final do recoñecemento médico (apto/a ou non apto/a). A información clínica obtida terá carácter confidencial e o seu tratamento quedará sometido á normativa vixente en materia de protección de datos persoais, á normativa sanitaria e de historia clínica que resulte de aplicación, así como ao deber de segredo profesional do persoal facultativo interveniente.

6.6. Cadro de exclusións médicas

Sen prexuízo do criterio xeral de incompatibilidade funcional, declararase non apta a persoa aspirante cando concorra algunha das causas recollidas no seguinte cadro, na medida en que determinen limitación funcional ou risco relevante para o desempeño das funcións policiais:

A) Talla, composición corporal e condición física

1. Obesidade ou delgadez manifesta, definida por un IMC inferior a 18,5 ou superior a 29,9, agás supostos excepcionais nos que o incremento do IMC derive predominantemente de masa muscular e non limite o rendemento nin implique risco relevante asociado.

   No tramo de IMC entre 25 e 29,9, poderase realizar medición do perímetro abdominal, considerándose non apta a persoa aspirante cando supere 102 cm nos homes ou 88 cm nas mulleres, de conformidade cos criterios de risco cardiometabólico.

2. Trastornos nutricionais graves (anorexia nerviosa, bulimia nerviosa, caquexia ou desnutrición severa) con limitación funcional ou risco para a saúde no exercicio da actividade policial.

B) Aparato cardiovascular

1. Cardiopatías estruturais, miocardiopatías e valvulopatías en grao moderado ou severo.
2. Hipertensión arterial non controlada, entendida como cifras persistentemente superiores a 140/90 mmHg pese a tratamento axeitado, ou con dano orgánico asociado, segundo valoración clínica.
3. Arritmias clinicamente significativas con repercusión hemodinámica, risco de síncope ou necesidade de tratamento complexo.
4. Insuficiencia cardíaca de calquera etioloxía.
5. Secuelas de cirurxía cardíaca con limitación para esforzos físicos propios do servizo policial.
6. Arteriopatías periféricas ou outras vasculopatías que limiten de forma relevante a marcha ou o esforzo.

C) Aparato respiratorio

1. Asma bronquial persistente moderada ou grave, ou enfermidade obstructiva crónica (EPOC) que limite a práctica de esforzos moderados ou intensos.
2. Pneumotórax espontáneo recorrente non resolto mediante tratamento definitivo.
3. Enfermidades intersticiais, parenquimatosas ou da circulación pulmonar con insuficiencia respiratoria ou dispnea a medianos esforzos.
4. Secuelas de procesos infecciosos pulmonares con redución significativa da capacidade respiratoria.

D) Aparato locomotor

Serán motivo de non aptitude as afeccións osteoarticulares que limiten o rendemento físico ou a utilización segura do equipo policial, e, en particular:

1. Patoloxías severas da columna vertebral (escoliose severa, espondilolistese, cifose ou outras) con alteración significativa da estática ou da mobilidade.
2. Lesións articulares graves (inestabilidades, artrose avanzada, secuelas traumáticas) que impidan correr, saltar, reducir, inmobilizar ou manexar con seguridade o equipo.
3. Amputacións ou secuelas traumáticas en extremidades con limitación funcional relevante para o servizo.
4. Procesos reumáticos ou inflamatorios con repercusión funcional persistente.

E) Sistema nervioso

1. Epilepsia activa ou antecedentes de crises epilépticas nos últimos cinco anos, salvo informe especializado motivado e ausencia de repercusión funcional relevante, segundo criterio médico.
2. Trastornos neurolóxicos dexenerativos (por exemplo, parkinsonismo, esclerose lateral amiotrófica ou outros) que afecten coordinación, forza ou capacidade de reacción.
3. Secuelas de traumatismo craneoencefálico, vertebromedular ou de nervios periféricos con alteracións motoras, sensitivas ou cognitivas incompatibles coa función policial.
4. Enfermidades desmielinizantes e outras afeccións do sistema nervioso central con repercusión funcional.

F) Área psiquiátrica e condutual

Serán motivo de non aptitude as alteracións psicopatolóxicas que afecten á estabilidade emocional, á xuízo, á percepción da realidade ou o control de impulsos, e, en particular:

1. Trastornos psicóticos presentes ou con antecedentes clinicamente relevantes.
2. Trastornos do estado de ánimo graves ou recorrentes (por exemplo, episodios depresivos graves, trastorno bipolar non estabilizado).
3. Trastornos de personalidade con desaxuste significativo na responsabilidade, control de impulsos, agresividade ou relación con terceiras persoas.
4. Trastornos de déficit de atención e hiperactividade (TDAH) grave non compensado con impacto relevante na atención e organización da conduta.
5. Dependencia ou consumo activo de substancias psicoactivas (alcol, drogas ilegais, fármacos de abuso), así como trastornos mentais inducidos por substancias no momento do recoñecemento.

G) Sentidos: visión, audición e equilibrio

1. Visión

a) Agudeza visual espontánea remota inferior a 2/3 nun ou en ambos os ollos, con ou sen corrección, segundo escala de Wecker. Para esta proba poderanse empregar lentes correctoras.

b) Hemianopsias significativas ou alteracións campimétricas relevantes.

c) Discromatopsias significativas.

d) Desprendemento de retina.

e) Estrabismo con repercusión funcional.

2. Audición e equilibrio

a) Perda auditiva entre 1.000 e 3.000 Hertzios (Hz) de 35 decibelios (dB), ou en 4.000 Hz de 45 dB, con ou sen corrección. Para esta proba poderase empregar audífono.

b) Trastornos do equilibrio de orixe vestibular con repercusión funcional.

H) Endocrino-metabólicas e outras enfermidades xerais

1. Endocrino-metabólicas

a) Diabetes mellitus con mal control metabólico, presenza de hipoglicemias graves ou complicacións con risco relevante para a seguridade propia ou allea.

b) Outros trastornos endocrinos de importancia prognóstica ou funcional que limiten o desempeño do posto ou produzan alteracións morfolóxicas ou funcionais relevantes.

c) Trastornos do eixe hipotálamo-hipofisario, hipertiroidismo e hipotiroidismo, e outras endocrinopatías, segundo evolución, control clínico e prognóstico.

2. Outras enfermidades xerais

a) Enfermidades infecciosas ou parasitarias que, pola súa evolución ou risco de transmisión, sexan incompatibles coa función policial.

b) Procesos inmunolóxicos graves, hemopatías, tumores malignos ou lesións precancerosas con repercusión funcional ou prognóstica relevante.

c) Afasias, disfonías, disfemias, disartrias e disglosias permanentes que impidan ou dificulten de modo relevante a comunicación funcional no servizo.

d) Calquera outra patoloxía non recollida expresamente que, a xuízo motivado do persoal médico asesor e conforme á evidencia clínica, resulte incompatible co desempeño normal das funcións de Policía Local.

l) Aptitude para a condución e consumo de substancias

1. No momento do recoñecemento médico, as persoas aspirantes non deberán presentar enfermidade, deficiencia ou limitación que poida ser causa de denegación do permiso de condución da clase B, de conformidade coas previsións contidas no Regulamento Xeral de Condutores.
2. Así mesmo, considerarase non aptitude cando exista consumo de medicamentos, alcol ou outras substancias que desaconsellen a condución de vehículos ou o manexo de maquinaria ou ferramentas perigosas, ou que poidan afectar de maneira significativa a capacidade para o desempeño das funcións policiais, segundo valoración clínica.

7. Puntuación final da persoa aspirante

De conformidade co disposto no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, a puntuación final das persoas aspirantes corresponderá á cualificación obtida na proba de avaliación dos coñecementos, referida ao temario aplicable, sen prexuízo do carácter eliminatorio do resto das probas.

Anexo II. Acceso ás categorías de oficial, inspector, inspector principal e intendente: probas selectivas, temarios e baremo de méritos para a fase de concurso. Mobilidade con ascenso.

1. Sistema de acceso

De conformidade co disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, o acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal e intendente efectuarase por promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, entre o persoal **funcionario de carreira** do corpo que reúna os requisitos de antigüidade e titulación esixidos para cada categoría.

No procedemento de concurso-oposición, a fase de oposición terá carácter previo e eliminatorio, de modo que a persoa aspirante deberá superala en primeiro lugar para poder pasar á fase de concurso, na que se valorarán os méritos conforme ao baremo previsto neste anexo.

2. Probas da fase oposición

A fase de oposición consistirá na realización e superación das probas que se establecen neste anexo para cada categoría de acceso, as cales se desenvolverán pola orde que se determina a continuación. Todas as probas terán carácter eliminatorio, de xeito que será requisito imprescindible superar cada unha delas para poder realizar a seguinte.

2.1 Acceso á categoría de oficial

2.1.1. Cuestionario tipo test:

Consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cento vinte (120) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta. As preguntas axustaranse ao temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de dez (10) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de cento vinte (120) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

2.1.2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega

Esta proba realizarase unicamente polas persoas aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel de coñecemento da lingua galega esixido e desenvolverase no mesmo acto que a proba indicada no apartado anterior.

O obxecto da proba e a súa cualificación, así como o réxime de exención, serán os establecidos para o ingreso na categoría de policía, recollidos no punto 3 do Anexo I desta orde (Ingreso na categoría de policía, escala básica).

2.1.3. Caso práctico

A proba consistirá na resolución, por escrito, dun caso práctico relacionado coas funcións propias da categoría de oficial, que se elaborará a partir dos contidos do temario recollido neste anexo. O tempo máximo para a realización será de noventa (90) minutos. O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

2.2 Acceso á categoría de Inspector

2.2.1. Cuestionario tipo test:

Consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cento corenta (140) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta. As preguntas axustaranse ó temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de dez (10) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de cento corenta (140) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

2.2.2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega

Esta proba realizarase unicamente polas persoas aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel de coñecemento da lingua galega esixido e desenvolverase no mesmo acto que a proba indicada no apartado anterior.

O obxecto da proba e a súa cualificación, así como o réxime de exención, serán os establecidos para o ingreso na categoría de policía, recollidos no punto 3 do Anexo I desta orde (Ingreso na categoría de policía, escala básica).

2.2.3. Caso práctico:

A proba consistirá na resolución, por escrito, dun caso práctico relacionado coas funcións propias da categoría de inspector, que se elaborará a partir dos contidos do temario recollido neste anexo e que poderá incluír a redacción de documentos operativos propios do servizo. O tempo máximo para a realización será de noventa (90) minutos. O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

2.3 Acceso á categoría de Inspector Principal

2.3.1. Cuestionario tipo test:

Consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cento sesenta (160) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta. As preguntas axustaranse ó temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de dez (10) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de cento sesenta (160) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

2.3.2. Probas de avaliación do coñecemento da lingua galega

Esta proba realizarase unicamente polas persoas aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel de coñecemento da lingua galega esixido e desenvolverase no mesmo acto que a proba indicada no apartado anterior.

Os criterios de realización e cualificación, así como o réxime de exención, serán os establecidos para o ingreso na categoría de policía, recollidos no punto 3 do Anexo I desta orde (Ingreso na categoría de policía, escala básica).

2.3.3. Caso práctico

A proba consistirá na resolución, por escrito, dun caso práctico relacionado coas funcións propias da categoría de inspector principal, que se elaborará a partir dos contidos do temario recollido neste anexo e que poderá incluír a redacción de documentos operativos propios do servizo. O tempo máximo para a realización será de noventa (90) minutos. O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

2.4 Acceso á categoría de Intendente

2.4.1. Cuestionario tipo test

Consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cento sesenta (160) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta. As preguntas axustaranse ó temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de dez (10) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de cento sesenta (160) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

2.4.2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega

Esta proba realizarase unicamente polas persoas aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel de coñecemento da lingua galega esixido e desenvolverase no mesmo acto que a proba indicada no apartado anterior.

O obxecto da proba e a súa cualificación, así como o réxime de exención, serán os establecidos para o ingreso na categoría de policía, recollidos no punto 3 do Anexo I desta orde (Ingreso na categoría de policía, escala básica).

2.4.4. Caso práctico

A proba consistirá na resolución, por escrito, dun caso práctico relacionado coas funcións propias da categoría de intendente, que se elaborará a partir dos contidos do temario recollido neste anexo e que poderá incluír a redacción de documentos operativos propios do servizo. O tempo máximo para a realización será de noventa (90) minutos. O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

3. Temarios da fase oposición

3.1 Temario acceso a categoría de oficial

1. A Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
2. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. O Defensor do Pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
3. As institucións do Estado na Constitución española. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
4. A organización do poder e do territorio no Estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución española.
5. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento, Presidencia e Consello da Xunta. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía.
6. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos

administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos: alzada e reposición; recurso extraordinario de revisión.

7. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. Estrutura do procedemento administrativo. A administración electrónica.
8. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
9. O municipio: organización e competencias. A poboación. O padrón municipal de habitantes. Órganos de goberno: Pleno, Alcaldía, Xunta de Goberno Local e outros órganos municipais.
10. Ordenanzas, regulamentos e bandos municipais: elaboración, aprobación e publicación. Licenzas, comunicacións previas e declaración responsable. Tramitación.
11. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoal funcionario.
12. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoa funcionaria e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
13. Lei de forzas e corpos de seguridade: principios básicos de actuación. Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e policías autonómicas. Funcións da Policía Local. As Xuntas Locais de Seguridade
14. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.
15. Lei de protección da seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
16. Dispositivos de seguridade e control en eventos con grande afluencia. Planificación de dispositivos, control de accesos e evacuación, coordinación con servizos de emerxencia e criterios de actuación ante incidencias en espectáculos e actividades recreativas.
17. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.

18. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento: organización, selección, formación, mobilidade e réxime disciplinario.
19. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Os plans de emerxencia nos municipios. Protección civil municipal.
20. Policía administrativa I: intervención municipal en materia de consumo, mercados, venda ambulante, espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
21. Policía administrativa II: Intervención municipal sobre actividades e uso do dominio público. Licenzas, declaración responsable e comunicación previa. Ocupación da vía pública. Inspección, disciplina e medidas de policía administrativa.
22. Policía administrativa III: urbanismo e medio ambiente. Infraccións e sancións urbanísticas. Residuos, normativa autonómica: disposicións xerais, organización e competencias, vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora. Contaminación acústica e ruídos: identificación da normativa aplicable e competencias municipais en materia de vixilancia, inspección e control.
23. Policía administrativa IV: protección do patrimonio cultural. Réxime xurídico. Bens integrantes do patrimonio cultural. Medidas de protección, conservación, intervención administrativa e réxime sancionador.
24. Policía administrativa V: protección e benestar dos animais de compañía. Réxime xurídico dos animais considerados potencialmente perigosos: licenza, responsabilidade e obrigas das persoas propietarias e posuidoras.
25. O Código penal: delitos e penas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables.
26. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
27. Delitos contra a Administración pública. Delitos cometidos por persoal funcionario público: prevaricación, abandono de destino, desobediencia, denegación de auxilio, infidelidade na custodia de documentos, violación de segredos, suborno, tráfico de influencias, malversación.
28. Delitos contra a vida e a integridade física: homicidio e as súas formas. Asasinato. Lesións. Rifa tumultuaria.

29. Delitos contra a liberdade e a integridade moral: detencións ilegais, secuestros, ameazas, coaccións, torturas e outros delitos contra a integridade moral.
30. Delitos cometidos por persoal funcionario público contra as garantías constitucionais. Delitos contra a liberdade individual, contra inviolabilidade do domicilio e demais garantías da intimidade, contra outros dereitos individuais e contra a liberdade de conciencia e os sentimentos relixiosos.
31. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica: furtos, roubos, estafas, apropiación indebida, danos, usurpación, subtracción de cousa propia, extorsión e roubo e furto de uso.
32. Delitos contra a liberdade sexual: agresións sexuais, agresións sexuais a menores de 16 anos, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución, explotación sexual e corrupción de menores.
33. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
34. Delitos contra a saúde pública. Supostos xerais e atenuados. Modalidades delituosas. Tipos agravados.
35. Delitos informáticos e ciberdelincuencia básica: delitos contra a intimidade en contornas dixitais e protección de datos, aspectos básicos.
36. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
37. Procedementos penais. A instrución. A denuncia e a querela. Dilixencias previas do procedemento abreviado. Sumario ordinario por delitos graves. Xuízo rápido por delito. Xuízo por delito leve. Procedemento ante o tribunal do xurado.
38. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos dá persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades do/dá axente de policía. Detención de menores infractores.
39. Responsabilidade penal dos menores de idade. Feitos delituosos de persoas menores. Réxime dos menores de catorce anos. Medidas susceptibles de ser impostas aos menores.
40. Lei de tráfico e seguridade viaria e regulamentos de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais. Documentación de vehículos e persoa condutora.

41. Regulamento Xeral de Vehículos: normas xerais. Categorías de vehículos. Inspección técnica de vehículos: ámbito de aplicación. Frecuencia das inspeccións. Actuación policial en caso de irregularidade. Seguro obrigatorio de responsabilidade civil: deber de subscrición e ámbito do aseguramento.

42. Normas de circulación e circulación especial I: posición na vía e emprego dos carrís, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos. Parada e estacionamento.

43. Normas de circulación e circulación especial II: Emprego do alumeado. Cinto e casco de seguridade. Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas, transporte público e vehículos de mobilidade persoal.

44. Alcol e drogas na condución: normativa e regulación. Límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.

45. A sinalización viaria. Clasificación, normas xerais de sinalización e orde de prioridade. Regulación do tráfico polos axentes da autoridade.

46. Procedemento sancionador en materia de tráfico. Persoas responsables das infraccións e competencia sancionadora. Medidas provisionais e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e outras infraccións graves.

47. Accidentes de circulación. Definición e tipoloxías. Actuación da Policía Local. Elaboración de informes e actuacións en accidentes con vehículos de mobilidade persoal.

48. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos da actividade policial e a súa xestión.

49. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial ao abeiro da normativa do Estatuto da Vítima do Delito.

50. Igualdade de trato e non discriminación: réxime xurídico, principios xerais e ámbito de aplicación. Dereito á igualdade de trato e á non discriminación. Motivos e formas de discriminación: discriminación directa e indirecta; discriminación por asociación e por erro; discriminación múltiple e interseccional; acoso discriminatorio; indución, orde ou instrución de discriminar; e represalias. Especial referencia ao ámbito da seguridade cidadá. Infraccións e sancións.

3.2 Temario acceso a categoría de Inspector

1. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
2. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
3. As competencias dos municipios. Especial referencia ás competencias municipais en materia de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Delegación de competencias polo Estado ou pola Comunidade Autónoma. Competencias das provincias.
4. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos da Alcaldía.
5. A intervención municipal na actividade dos particulares. A Policía Local como policía administrativa. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables: concepto, tipos e tramitación.
6. Os bens das Entidades Locais. As súas clases. Réxime xurídico. Os ingresos das Corporacións Locais. O orzamento municipal.
7. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoal funcionario.
8. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoal funcionario e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos.
10. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. A administración electrónica. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación e instrución. Finalización. Execución. Revisión de oficio. Recursos administrativos.
11. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

12. A persoa: Concepto e natureza. A persoa física e a persoa xurídica. O nacemento da persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. A idade da persoa. A emancipación: Concepto, tipos, requisitos e efectos. O estado civil e o seu rexistro.
13. A nacionalidade: Concepto, adquisición e perda. A dobre nacionalidade. Refuxiados e apátridas. A veciñanza civil: Concepto, adquisición e perda. O domicilio: Concepto e clases. A ausencia e a desaparición da persoa. A morte da persoa: Premoriencia e conmoriencia.
14. Lei de Forzas e Corpos de Seguridade: Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. As Policías Locais. As Xuntas Locais de Seguridade.
15. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.
16. Lei de protección da seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
17. Dispositivos de seguridade e control en eventos con grande afluencia. Planificación de dispositivos, control de accesos e evacuación, coordinación con servizos de emerxencia e criterios de actuación ante incidencias en espectáculos e actividades recreativas.
18. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.
19. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (I): os corpos de policía local: creación, estrutura e organización. A coordinación das policías locais. Colaboración intermunicipal. Vixiantes municipais e auxiliares de policía local.
20. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (II): selección, formación, promoción e mobilidade. Réxime estatutario e réxime disciplinario. Uniformidade, acreditación e medios técnicos.
21. Academia Galega de Seguridade Pública: normativa, funcións, competencias e aspectos esenciais.
22. Policía administrativa en materia de consumo. Protección das persoas consumidoras e usuarias. Dereitos básicos. Actuación administrativa de control, inspección e réxime sancionador.

23. Policía administrativa en materia de mercados e venda ambulante. Réxime xurídico do comercio interior. Modalidades de venda non sedentaria. Competencias municipais, inspección, control e disciplina administrativa.
24. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (I). Réxime xurídico, ámbito de aplicación e competencias. Organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
25. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (II). Establecementos abertos ao público, catálogo, horarios e réxime de intervención administrativa. Inspección, control, infraccións e sancións en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
26. Policía administrativa en materia de urbanismo. Réxime xurídico do solo. Clasificación, categorías e usos do solo. Intervención administrativa urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.
27. A policía administrativa en materia de residuos. Residuos e solos contaminados. Produción e xestión de residuos. Obrigas, inspección, control e réxime sancionador.
28. Policía administrativa en materia de contaminación acústica e ruídos: normativa aplicable; competencias municipais; prevención, vixilancia, inspección e control; medidas correctoras e réxime sancionador.
29. A policía administrativa en materia de protección do patrimonio cultural. Réxime xurídico. Bens integrantes do patrimonio cultural. Medidas de protección, conservación, intervención administrativa e réxime sancionador.
30. Policía administrativa en materia de protección e benestar dos animais de compañía. Tenza responsable, identificación e control administrativo. Actuación ante animais abandonados e extraviados. Infraccións e sancións.
31. Réxime xurídico dos animais potencialmente perigosos. Licenza, medidas de seguridade, obrigas e responsabilidade das persoas propietarias e posuidoras. Infraccións e sancións.
32. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal. Axencia Galega de Emerxencias.
33. Plans de emerxencias. Normativa sobre autoprotección. Planificación de emerxencias en Galicia. Plan Territorial de Emerxencias de Galicia. Plan de Emerxencias Municipal. Plans especiais.
34. Principios penais e do proceso penal. Concepto de delito. Elementos da infracción penal. Clases de delitos.

35. O Código penal: Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.
36. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
37. Delitos contra a Administración pública. Delitos cometidos por persoal funcionario público: prevaricación, abandono de destino, desobediencia, denegación de auxilio, infidelidade na custodia de documentos, violación de segredos, suborno, tráfico de influencias, malversación.
38. Delitos contra a vida e a integridade física: homicidio e as súas formas. Asasinato. Lesións. Rifa tumultuaria.
39. Delitos contra a liberdade e a integridade moral: detencións ilegais, secuestros, ameazas, coaccións, torturas e outros delitos contra a integridade moral.
40. Delitos contra a liberdade sexual: agresións sexuais, agresións sexuais a menores de 16 anos, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución, explotación sexual e corrupción de menores.
41. Delitos cometidos por funcionario público contra as garantías constitucionais. Delitos contra a liberdade individual, contra inviolabilidade do domicilio e demais garantías da intimidade, contra outros dereitos individuais e contra a liberdade de conciencia e os sentimentos relixiosos.
42. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica: furtos, roubos, estafas, apropiación indebida, danos, usurpación, subtracción de cousa propia, extorsión e roubo e furto de uso.
43. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
44. Delitos contra a saúde pública. Supostos xerais e atenuados. Modalidades delituosas. Tipos agravados.
45. Delitos informáticos e ciberdelincuencia básica: delitos contra a intimidade en contornas dixitais e protección de datos, aspectos básicos.
46. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
47. Procedementos penais. A instrución. A denuncia e a querela. Dilixencias previas do procedemento abreviado. Sumario ordinario por delitos graves.

Xuízo rápido por delito. Xuízo por delito leve. Procedemento ante o tribunal do xurado.

48. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades da persoa axente de policía. Detención dos menores infractores.

49. Responsabilidade penal dos menores de idade. Feitos delituosos de persoas menores. Réxime dos menores de catorce anos. Medidas susceptibles de ser impostas aos menores.

50. Protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. Delincuencia xuvenil. Criterios xerais de actuación. Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia. Deber de comunicación de situacións de violencia. Intervención das Forzas e Corpos de Seguridade. Bandas xuvenís. O acoso e o absentismo escolar. Menores en situación de risco ou desamparo.

51. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A figura da persoa delegada de protección de datos. O rexistro de actividades de tratamento. Medidas técnicas e organizativas de seguridade. A información de dereitos á cidadanía. A cesión de datos.

52. Persoas estranxeiras: Concepto. Dereitos e obrigas das persoas estranxeiras en España. Dereitos e obrigas de persoas cidadás da Unión Europea. Dereito de asilo. Réxime de entrada das persoas estranxeiras en España. Documentación necesaria para a entrada de persoas estranxeiras en territorio nacional.

53. Lei de tráfico e seguridade viaria e regulamentos de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais. Documentación de vehículos e das persoas conductoras.

54. Regulamento Xeral de Vehículos: normas xerais. Categorías de vehículos. Inspección técnica de vehículos: ámbito de aplicación. Frecuencia das inspeccións. Actuación policial en caso de irregularidade. Seguro obrigatorio de responsabilidade civil: deber de subscrición e ámbito do aseguramento.

55. Normas de circulación e circulación especial I: posición na vía e emprego dos carrís, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos. Parada e estacionamento.

56. Normas de circulación e circulación especial II: Emprego do alumeado. Cinto e casco de seguridade. Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas, transporte público e vehículos de mobilidade persoal.

57. A sinalización viaria. Clasificación, normas xerais de sinalización e orde de prioridade. Regulación do tráfico polos axentes da autoridade.
58. Alcol e drogas na condución: normativa e regulación. Límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.
59. Procedemento sancionador en materia de tráfico. Persoas responsables das infraccións e competencia sancionadora. Medidas provisionais e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e outras infraccións graves.
60. Accidentes de circulación. Definición e tipoloxías. Actuación da Policía Local. Elaboración de informes e actuacións en accidentes con vehículos de mobilidade persoal.
61. Educación viaria: concepto e obxectivos. Papel da policía local como colectivo educador. Campañas de concienciación cidadá.
62. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos da actividade policial e a súa xestión.
63. Igualdade de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. A igualdade efectiva de mulleres e homes.
64. Violencia de xénero. Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial.
65. Igualdade de trato e non discriminación: réxime xurídico, principios xerais e ámbito de aplicación. Dereito á igualdade de trato e á non discriminación. Motivos e formas de discriminación: discriminación directa e indirecta; discriminación por asociación e por erro; discriminación múltiple e interseccional; acoso discriminatorio; indución, orde ou instrución de discriminar; e represalias. Especial referencia ao ámbito da seguridade cidadá. Infraccións e sancións.

3.3 Temario acceso a categoría de Inspector Principal

1. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
2. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.

3. A representación política en España. Os partidos políticos. O sistema electoral español. O dereito de sufraxio. Organización do sufraxio e o procedemento electoral. A Administración electoral.
4. As organizacións sindicais e empresariais en España. Liberdade sindical e asociación empresarial. Representación sindical. Órganos de representación e participación na empresa e nas administracións públicas.
5. O ordenamento xurídico: fontes do dereito, xerarquía normativa, Constitución, lei, regulamento, costume, principios xerais do dereito e xurisprudencia. Interpretación, aplicación e eficacia das normas xurídicas.
6. As competencias dos municipios. Especial referencia ás de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Delegación de competencias polo Estado ou pola Comunidade Autónoma. Competencias das provincias.
7. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos da Alcaldía.
8. A intervención municipal na actividade das persoas particulares. A Policía Local como policía administrativa. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables: concepto, tipos e tramitación.
9. Os bens das Entidades Locais. As súas clases. Réxime xurídico. Os ingresos das Corporacións Locais. O orzamento municipal.
10. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoal funcionario.
11. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoal funcionario e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
12. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos.
13. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. A administración electrónica. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación e instrución. Finalización. Execución. Revisión de oficio. Recursos administrativos.

14. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
15. A persoa: Concepto e natureza. A persoa física e a persoa xurídica. O nacemento da persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. A idade da persoa. A emancipación: Concepto, tipos, requisitos e efectos. O estado civil e o seu rexistro.
16. A nacionalidade: Concepto, adquisición e perda. A dobre nacionalidade. Refuxiados e apátridas. A veciñanza civil: Concepto, adquisición e perda. O domicilio: Concepto e clases. A ausencia e a desaparición da persoa. A morte da persoa: Premoriencia e conmoriencia.
17. Lei de Forzas e Corpos de Seguridade: Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. As Policías Locais. As Xuntas Locais de Seguridade.
18. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.
19. Lei de protección da seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
20. Dispositivos de seguridade e control en eventos con grande afluencia. Planificación de dispositivos, control de accesos e evacuación, coordinación con servizos de emerxencia e criterios de actuación ante incidencias en espectáculos e actividades recreativas.
21. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.
22. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (I): os corpos de policía local: creación, estrutura e organización. A coordinación das policías locais. Colaboración intermunicipal. Vixiantes municipais e auxiliares de policía local.
23. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (II): selección, formación, promoción e mobilidade. Réxime estatutario e réxime disciplinario. Uniformidade, acreditación e medios técnicos.
24. Policía administrativa en materia de consumo. Protección das persoas consumidoras e usuarias. Dereitos básicos. Actuación administrativa de control, inspección e réxime sancionador.

25. Policía administrativa en materia de mercados e venda ambulante. Réxime xurídico do comercio interior. Modalidades de venda non sedentaria. Competencias municipais, inspección, control e disciplina administrativa.
26. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (I). Réxime xurídico, ámbito de aplicación e competencias. Organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
27. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (II). Establecementos abertos ao público, catálogo, horarios e réxime de intervención administrativa. Inspección, control, infraccións e sancións en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
28. Policía administrativa en materia de urbanismo. Réxime xurídico do solo. Clasificación, categorías e usos do solo. Intervención administrativa urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.
29. A policía administrativa en materia de residuos. Residuos e solos contaminados. Produción e xestión de residuos. Obrigas, inspección, control e réxime sancionador.
30. Policía administrativa en materia de contaminación acústica e ruídos: normativa aplicable; competencias municipais; prevención, vixilancia, inspección e control; medidas correctoras e réxime sancionador.
31. A policía administrativa en materia de protección do patrimonio cultural. Réxime xurídico. Bens integrantes do patrimonio cultural. Medidas de protección, conservación, intervención administrativa e réxime sancionador.
32. Policía administrativa en materia de protección e benestar dos animais de compañía. Tenza responsable, identificación e control administrativo. Actuación ante animais abandonados e extraviados. Infraccións e sancións.
33. Réxime xurídico dos animais potencialmente perigosos. Licenza, medidas de seguridade, obrigas e responsabilidade das persoas propietarias e posuidoras. Infraccións e sancións.
34. Competencias municipais de xestión e seguridade no uso, goce e aproveitamento de praias. Competencias municipais en materia de ríos e pantanos.
35. Protección do ambiente atmosférico de Galicia: competencias municipais, medidas ante episodios de contaminación atmosférica e colaboración da Policía Local na vixilancia e inspección.

36. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal.
37. Plans de emerxencias. Normativa sobre autoprotección. Planificación de emerxencias en Galicia. Plan Territorial de Emerxencias de Galicia . Plan de Emerxencias Municipal. Plans especiais.
38. A prevención e defensa contra os incendios forestais no ámbito municipal: competencias dos concellos, planificación local, xestión preventiva e control do cumprimento. A actuación policial en incendios interface urbano-forestal.
39. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos da actividade policial e a súa xestión.
40. Principios penais e do proceso penal. Concepto de delito. Elementos da infracción penal. Clases de delitos.
41. O Código penal: Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.
42. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
43. Delitos contra a Administración pública. Delitos cometidos por persoal funcionario público: prevaricación, abandono de destino, desobediencia, denegación de auxilio, infidelidade na custodia de documentos, violación de segredos, suborno, tráfico de influencias, malversación.
44. Delitos contra a vida e a integridade física: homicidio e as súas formas. Asasinato. Lesións. Rifa tumultuaría.
45. Delitos contra a liberdade e a integridade moral: detencións ilegais, secuestros, ameazas, coaccións, torturas e outros delitos contra a integridade moral.
46. Delitos contra a liberdade sexual: agresións sexuais, agresións sexuais a menores de 16 anos, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución, explotación sexual e corrupción de menores.
47. Delitos cometidos por funcionario público contra as garantías constitucionais. Delitos contra a liberdade individual, contra inviolabilidade do domicilio e demais garantías da intimidade, contra outros dereitos individuais e contra a liberdade de conciencia e os sentimentos relixiosos.

48. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica: furtos, roubos, estafas, apropiación indebida, danos, usurpación, subtracción de cousa propia, extorsión e roubo e furto de uso.
49. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
50. Delitos contra a saúde pública. Supostos xerais e atenuados. Modalidades delituosas. Tipos agravados.
51. Delitos informáticos e ciberdelincuencia básica: delitos contra a intimidade en contornas dixitais e protección de datos, aspectos básicos.
52. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
53. Procedementos penais. A instrución. A denuncia e a querela. Dilixencias previas do procedemento abreviado. Sumario ordinario por delitos graves. Xuízo rápido por delito. Xuízo por delito leve. Procedemento ante o tribunal do xurado.
54. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades do/dá axente de policía.
55. Medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Principios reitores. Sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero. Tutela institucional: Especial referencia ás unidades das Forzas e Corpos de Seguridade especializadas na prevención e no control da aplicación de medidas xudiciais. Tutela penal e tutela xudicial. Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas. O Sistema Viogén.
56. Estatuto da vítima do delito: ámbito de aplicación, concepto xeral de vítima, dereitos básicos, protección das vítimas e medidas de protección.
57. Responsabilidade penal das persoas menores de idade. Ámbito de aplicación. Medidas susceptibles de ser impostas ante a responsabilidade penal das persoas menores. Medidas privativas de liberdade. Programas de medio aberto. Intervención policial con persoas menores infractores.
58. Protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. Delincuencia xuvenil. Criterios xerais de actuación. Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia. Deber de comunicación de situacións de violencia. Intervención das Forzas e Corpos de Seguridade. Bandas xuvenís. O acoso e o absentismo escolar. Menores en situación de risco ou desamparo.

59. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A figura da persoa delegada de protección de datos. O rexistro de actividades de tratamento. Medidas técnicas e organizativas de seguridade. A información de dereitos á cidadanía. A cesión de datos.

60. Videovixilancia en lugares públicos e tratamento de imaxes. Réxime xurídico do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade, garantías, límites e conservación; protección de datos no tratamento de imaxes e gravacións.

61. Persoas estranxeiras: Concepto. Dereitos e obrigas das persoas estranxeiras en España. Dereitos e obrigas de persoas cidadás da Unión Europea. Dereito de asilo. Réxime de entrada das persoas estranxeiras en España. Documentación necesaria para a entrada de persoas estranxeiras en territorio nacional.

62. Clases de permisos de residencia. Requisitos e documentación. Tarxetas de residencia. Prórrogas e renovacións. Persoas estranxeiras indocumentadas. Persoas estudantes estranxeiras.

63. Lei de tráfico e seguridade viaria e regulamentos de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais. Documentación de vehículos e das persoas condutoras.

64. Regulamento Xeral de Vehículos: normas xerais. Categorías de vehículos. Inspección técnica de vehículos: ámbito de aplicación. Frecuencia das inspeccións. Actuación policial en caso de irregularidade. Seguro obrigatorio de responsabilidade civil: deber de subscrición e ámbito do aseguramento.

65. O permiso e a licenza de condución. Clases de permisos de condución e requisitos para a obtención. Clases de licenzas de condución e requisitos para a obtención. Vixencias e prórrogas dos permisos e licenzas. Perda de vixencia. Permisos de condución obtidos noutros países.

66. Normas de circulación e circulación especial I: posición na vía e emprego dos carrís, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos. Parada e estacionamento.

67. Normas de circulación e circulación especial II: Emprego do alumeado. Cinto e casco de seguridade. Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas e transporte público.

68. Regulación de vehículos de mobilidade persoal (VMP): definición e tipos. Principais normas de uso.

69. O transporte urbano en vehículos de turismo. Taxis, auto-turismos VTC. Requisitos administrativos para a realización da actividade. A execución da actividade e o seu control. Competencias. Tarifas.
70. Alcol e drogas na condución: normativa e regulación. Límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.
71. A sinalización viaria: clasificación, normas xerais de sinalización e orde de prioridade.
72. Procedemento sancionador en materia de tráfico. Persoas responsables das infraccións e competencia sancionadora. Medidas provisionais e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e outras infraccións graves.
73. Accidentes de circulación. Definición e tipoloxías. Actuación da Policía Local. Elaboración de informes e actuacións en accidentes con vehículos de mobilidade persoal.
74. Igualdade de trato e non discriminación: réxime xurídico, principios xerais e ámbito de aplicación. Dereito á igualdade de trato e á non discriminación. Motivos e formas de discriminación: discriminación directa e indirecta; discriminación por asociación e por erro; discriminación múltiple e interseccional; acoso discriminatorio; indución, orde ou instrución de discriminar; e represalias. Especial referencia ao ámbito da seguridade cidadá. Infraccións e sancións.
1. Igualdade de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. A igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.4 Temario acceso a categoría de Intendente

2. A Constitución española de 1978: estrutura, contidos e valores superiores do ordenamento xurídico. O estado social e democrático de dereito. A soberanía nacional e a forma política do Estado.
3. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
4. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
5. As institucións do Estado na Constitución Española. A coroa. As Cortes Xerais. O goberno e administración. As relacións entre o goberno e as Cortes Xerais.

6. A organización do poder e do territorio no estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución Española.
7. A representación política en España. Os partidos políticos. O sistema electoral español. O dereito de sufraxio. Organización do sufraxio e o procedemento electoral. A Administración electoral.
8. A Unión Europea e As Comunidades Europeas. As Institucións da Unión Europea: O Consello Europeo, o Consello, a Comisión, o Parlamento Europeo e o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. O Espazo Europeo de liberdade, seguridade e xustiza. O acordo de Schengen.
9. O Dereito comunitario. Tipoloxía de fontes. Aplicación e eficacia do Dereito comunitario nos países membros. Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea: dereitos fundamentais e liberdades básicas.
10. Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía. Delimitación das funcións e competencias do Estado e das Comunidades Autónomas. A Administración Local: Tipoloxía dos Entes Locais.
11. O Estatuto de autonomía de Galicia (I): natureza, estrutura, principios xerais e institucións de autogoberno da Comunidade Autónoma. Territorio, símbolos, lingua e condición política de galego.
12. O Estatuto de autonomía de Galicia (II): as relacións da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A Administración de xustiza, a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.
13. As competencias dos municipios. Especial referencia ás de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Delegación de competencias polo Estado ou pola Comunidade Autónoma. Competencias das provincias.
14. Organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde, A xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais. Réxime de organización dous municipios de gran poboación: ámbito de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais.
15. A intervención municipal na actividade das persoas particulares. A Policía Local como policía administrativa. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables: concepto, tipos e tramitación.
16. As multas municipais. Conceptos e clases. Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

17. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoal funcionario.

18. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoal funcionario e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

19. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos.

20. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. A administración electrónica. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación e instrución. Finalización. Execución. Revisión de oficio. Recursos administrativos.

21. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

22. A persoa: Concepto e natureza. A persoa física e a persoa xurídica. O nacemento da persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. A idade da persoa. A emancipación: Concepto, tipos, requisitos e efectos. O estado civil e o seu rexistro.

23. A nacionalidade: Concepto, adquisición e perda. A dobre nacionalidade. Refuxiados e apátridas. A veciñanza civil: Concepto, adquisición e perda. O domicilio: Concepto e clases. A ausencia e a desaparición da persoa. A morte da persoa: Premoriencia e conmoriencia.

24. Lei de Forzas e Corpos de Seguridade: Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. As Policías Locais. As Xuntas Locais de Seguridade.

25. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.

26. Lei de protección da seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.

27. Dispositivos de seguridade e control en eventos con grande afluencia. Planificación de dispositivos, control de accesos e evacuación, coordinación

con servizos de emerxencia e criterios de actuación ante incidencias en espectáculos e actividades recreativas.

28. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.
29. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (I): os corpos de policía local, creación, estrutura e organización. Colaboración intermunicipal. A coordinación.
30. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (II): A selección, formación, promoción e mobilidade. Réxime disciplinario. Vixiantes municipais e auxiliares de policía local.
31. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (III): Réxime estatutario. Uniformidade, acreditación e medios técnicos.
32. Policía administrativa en materia de consumo. Protección das persoas consumidoras e usuarias. Dereitos básicos. Actuación administrativa de control, inspección e réxime sancionador.
33. Policía administrativa en materia de mercados e venda ambulante. Réxime xurídico do comercio interior. Modalidades de venda non sedentaria. Competencias municipais, inspección, control e disciplina administrativa.
34. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (I). Réxime xurídico, ámbito de aplicación e competencias. Organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas.
35. A policía administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas (II). Establecementos abertos ao público, catálogo, horarios e réxime de intervención administrativa. Inspección, control, infraccións e sancións en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
36. Policía administrativa en materia de urbanismo. Réxime xurídico do solo. Clasificación, categorías e usos do solo. Intervención administrativa urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.
37. A policía administrativa en materia de residuos. Residuos e solos contaminados. Produción e xestión de residuos. Obrigas, inspección, control e réxime sancionador.
38. Policía administrativa en materia de contaminación acústica e ruídos: normativa aplicable; competencias municipais; prevención, vixilancia, inspección e control; medidas correctoras e réxime sancionador.

39. A policía administrativa en materia de protección do patrimonio cultural. Réxime xurídico. Bens integrantes do patrimonio cultural. Medidas de protección, conservación, intervención administrativa e réxime sancionador.
40. Policía administrativa en materia de protección e benestar dos animais de compañía. Tenza responsable, identificación e control administrativo. Actuación ante animais abandonados e extraviados. Infraccións e sancións.
41. Réxime xurídico dos animais potencialmente perigosos. Licenza, medidas de seguridade, obrigas e responsabilidade das persoas propietarias e posuidoras. Infraccións e sancións.
42. Competencias municipais de xestión e seguridade no uso, goce e aproveitamento de praias. Competencias municipais en materia de ríos e pantanos.
43. A ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia: aspectos de interese para os concellos costeiros e para a policía local. Coordinación interadministrativa, intervención municipal nos instrumentos de ordenación, réxime de usos e actividades, títulos de intervención administrativa, control das actividades no litoral e colaboración coa inspección.
44. Protección do ambiente atmosférico de Galicia: competencias municipais, medidas ante episodios de contaminación atmosférica e colaboración da Policía Local na vixilancia e inspección.
45. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal. Funcións da Policía Local en emerxencias e grandes catástrofes.
46. Plans de emerxencias. Normativa sobre autoprotección. Planificación de emerxencias en Galicia. Plan territorial de Galicia. Plan de emerxencias Municipal. Plans especiais.
47. A prevención e defensa contra os incendios forestais no ámbito municipal: competencias dos concellos, planificación local, xestión preventiva e control do cumprimento. A actuación policial en incendios interface urbano-forestal.
48. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos da actividade policial e a súa xestión.
49. Principios penais e do proceso penal. Concepto de delito. Elementos da infracción penal. Clases de delitos.
50. O Código penal: Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de execución do delito.

51. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
52. Delitos contra a Administración pública. Delitos cometidos por persoal funcionario público: prevaricación, abandono de destino, desobediencia, denegación de auxilio, infidelidade na custodia de documentos, violación de segredos, suborno, tráfico de influencias, malversación e outras figuras relacionadas.
53. Delitos contra a vida e a integridade física: homicidio e as súas formas. Asasinato. Lesións. Rifa tumultuaria.
54. Delitos contra a liberdade e a integridade moral: detencións ilegais, secuestros, ameazas, coaccións, torturas e outros delitos contra a integridade moral.
55. Delitos contra a liberdade sexual: agresións sexuais, agresións sexuais a menores de 16 anos, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución, explotación sexual e corrupción de menores.
56. Delitos cometidos por funcionario público contra as garantías constitucionais. Delitos contra a liberdade individual, contra inviolabilidade do domicilio e demais garantías da intimidade, contra outros dereitos individuais e contra a liberdade de conciencia e os sentimentos relixiosos.
57. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica: furtos, roubos, estafas, apropiación indebida, danos, usurpación, subtracción de cousa propia, extorsión e roubo e furto de uso.
58. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
59. Delitos contra a saúde pública. Supostos xerais e atenuados. Modalidades delituosas. Tipos agravados.
60. Delitos informáticos e ciberdelincuencia básica: delitos contra a intimidade en contornas dixitais e protección de datos, aspectos básicos.
61. Delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o medio ambiente: modalidades delituosas, responsabilidade penal e especial incidencia na actuación inspectora e policial. Delitos contra os animais
62. Delitos contra as relacións familiares: quebrantamento dos deberes de custodia, indución de menores ao abandono do domicilio, abandono de familia, menores e persoas con discapacidade necesitadas de especial protección. Subtracción de menores.

63. Delitos de falsidade: Falsidade documental en documentos públicos, oficiais, mercantís e privados. Certificados falsos. Usurpación do estado civil e usurpación de funcións públicas. Uso de documento falso.
64. Delitos contra a Administración de Xustiza: omisión do deber de impedir delitos ou promover a súa persecución, encubrimento, acusación e denuncia falsa, simulación de delito, realización arbitraria do propio dereito e quebrantamento de condena.
65. Delitos contra a seguridade colectiva: incendios, tenza, tráfico e depósito de armas, municións e explosivos. Delitos de risco catastrófico.
66. Delitos contra os dereitos dos traballadores e contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros. Trata de seres humanos: concepto, modalidades, explotación laboral ou sexual e especial protección das vítimas vulnerables.
67. Delitos contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio: descubrimento e revelación de segredos, acceso ilícito a datos ou comunicacións, allanamento de morada e demais modalidades delituosas.
68. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
69. Procedementos penais. A instrución. A denuncia e a querela. Dilixencias previas do procedemento abreviado. Sumario ordinario por delitos graves. Xuízo rápido por delito. Xuízo por delito leve. Procedemento ante o tribunal do xurado.
70. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades do/dá axente de policía.
71. Medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Principios reitores. Sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero. Tutela institucional: Especial referencia ás unidades das Forzas e Corpos de Seguridade especializadas na prevención e no control da aplicación de medidas xudiciais. Tutela penal e tutela xudicial. Medidas xudiciais de protección e seguridade das vítimas. O Sistema Viogén.
72. Estatuto da vítima do delito: ámbito de aplicación, concepto xeral de vítima, dereitos básicos, protección das vítimas e medidas de protección.
73. Responsabilidade penal das persoas menores de idade. Ámbito de aplicación. Medidas susceptibles de ser impostas ante a responsabilidade penal dos e as menores. Medidas privativas de liberdade. Programas de medio aberto. Intervención policial con persoas menores infractores.

74. Protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. Delincuencia xuvenil. Criterios xerais de actuación. Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia. Deber de comunicación de situacións de violencia. Intervención das Forzas e Corpos de Seguridade. Bandas xuvenís. O acoso e o absentismo escolar. Menores en situación de risco ou desamparo.
75. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A figura da persoa delegada de protección de datos. O rexistro de actividades de tratamento. Medidas técnicas e organizativas de seguridade. A información de dereitos á cidadanía. A cesión de datos.
76. Videovixilancia en lugares públicos e tratamento de imaxes. Réxime xurídico do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade, garantías, límites e conservación; protección de datos no tratamento de imaxes e gravacións.
77. Persoas estranxeiras: Concepto. Dereitos e obrigas das persoas estranxeiras en España. Dereitos e obrigas de persoas cidadás da Unión Europea. Dereito de asilo. Réxime de entrada das persoas estranxeiras en España. Documentación necesaria para a entrada de persoas estranxeiras en territorio nacional.
78. Clases de permisos de residencia. Requisitos e documentación. Tarxetas de residencia. Prórrogas e renovacións. Persoas estranxeiras indocumentadas. Persoas estudantes estranxeiras.
79. Lei de tráfico e seguridade viaria e regulamentos de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais. Documentación de vehículos e condutores/as.
80. Regulamento Xeral de Vehículos: normas xerais. Categorías de vehículos. Inspección técnica de vehículos: ámbito de aplicación. Frecuencia das inspeccións. Actuación policial en caso de irregularidade. Seguro obrigatorio de responsabilidade civil: deber de subscrición e ámbito do aseguramento.
81. Normas de circulación e circulación especial I: posición na vía e emprego dos carrís, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos. Parada e estacionamento.
82. Normas de circulación e circulación especial II: Emprego do alumeado. Cinto e casco de seguridade. Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas, transporte público.
83. Regulación de vehículos de mobilidade persoal (VMP): definición e tipos. Principais normas de uso.

84. Alcol e drogas na condución: normativa e regulación. límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.
85. Procedemento sancionador en materia de tráfico. Persoas responsables das infraccións e competencia sancionadora. Medidas provisionais e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e outras infraccións graves.
86. Accidentes de circulación. Definición e tipoloxías. Actuación da Policía Local. Inmobilización e retirada de vehículos. Elaboración de informes e actuacións en accidentes con vehículos de mobilidade persoal.
87. Educación viaria: concepto e obxectivos. Papel da policía local como colectivo educador. Campañas de concienciación cidadá.
88. Igualdade de trato e non discriminación: réxime xurídico, principios xerais e ámbito de aplicación. Dereito á igualdade de trato e á non discriminación. Motivos e formas de discriminación: discriminación directa e indirecta; discriminación por asociación e por erro; discriminación múltiple e interseccional; acoso discriminatorio; indución, orde ou instrución de discriminar; e represalias. Especial referencia ao ámbito da seguridade cidadá. Infraccións e sancións.
89. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión. Declaración do Consello de Europa sobre a Policía. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a Lei da Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Código Europeo de Ética da Policía. Principios básicos de actuación policial desde a perspectiva deontolóxica.
90. A liberdade sindical. O dereito de representación colectiva. Órganos de representación nas administracións públicas. Acordos entre administración local e persoal ao seu servizo.
91. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial.

4. Fase concurso

4.1. Regras xerais da fase de concurso

A fase de concurso terá lugar con posterioridade á finalización da fase de oposición e nela valoraranse os méritos das persoas aspirantes que superasen previamente a devandita fase de oposición. A data de referencia para a acreditación de cada mérito

será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que as persoas aspirantes presenten, xunto coa solicitude de participación, unha autobaremación dos méritos correspondentes á fase de concurso, efectuada conforme aos criterios e valoracións previstos neste apartado.

4.2. Titulacións académicas

Valorarase a posesión de titulacións académicas oficiais, conforme aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), nos seguintes termos:

– Doutoramento (nivel 4 MECES): 4,5 puntos.

– Mestrado universitario oficial (nivel 3 MECES - licenciatura universitaria, enxeñería, arquitectura): 3 puntos.

– Grao universitario (nivel 2 MECES – diplomatura universitaria, enxeñeiro técnico): 2,25 puntos.

– Técnico superior (nivel 1 MECES): 0,75 puntos.

As titulacións citadas corresponden ás reguladas con tal denominación no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior ou norma que a substitúa.

En todo caso, os títulos de doutoramento, mestrado universitario e grao universitario presentados para a súa valoración deberán axustarse ao disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, ou norma que o substitúa. Non se computarán neste apartado as ensinanzas propias universitarias reguladas no artigo 36 do citado Real decreto.

Para efectos de equivalencia, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente como títulos académicos oficiais con validez en todo o territorio nacional.

Non se valorará a titulación esixida como requisito para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha titulación do mesmo nivel ou superior á esixida. Así mesmo, para efectos de valoración, non se terán en conta as titulacións necesarias ou empregadas como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior que xa fose obxecto de puntuación.

4.3. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española

Valorarase o coñecemento das linguas estranxeiras, distintas da lingua española e das linguas cooficiais de España, e da Lingua de Signos Española (LSE) conforme aos niveis establecidos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Os certificados acreditativos dos niveis de competencia lingüística valoraranse conforme ao seguinte baremo:

- Nivel C2: 3 puntos.
- Nivel C1: 2 puntos.
- Nivel B2: 1,5 puntos.
- Nivel B1: 1 punto.
- Nivel A2: 0,5 puntos.

No caso das linguas estranxeiras, serán obxecto de valoración:

a) Os certificados admitidos pola Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES), de conformidade coa táboa de certificados vixente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) Os certificados admitidos por outras organizacións de igual carácter e finalidade que ACLES, sempre que estas fosen previamente recoñecidas, para os efectos da aplicación desta orde, mediante orde da consellería competente en materia de coordinación de policías locais.

c) Os certificados expedidos polas escolas oficiais de idiomas correspondentes aos niveis do MCER, de acordo co establecido no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as previstas no citado real decreto, ou na norma que o substitúa.

No caso da lingua de signos española, valoraranse os Diplomas de Lingua de Signos Española (DLSE) obtidos e expedidos de conformidade co establecido no Real decreto 262/2026, do 1 de abril, polo que se establecen os Diplomas de Lingua de Signos Española (DLSE) e se modifican varias normas regulamentarias, ou na norma que o substitúa.

Só se valorarán os certificados correspondentes a idiomas distintos. Para un mesmo idioma, unicamente se valorará o certificado acreditativo do nivel máis alto do

MCER que presente a persoa aspirante, sen que poidan acumularse as puntuacións correspondentes a niveis inferiores.

4.4. Grao de coñecemento do idioma galego

a) Curso de linguaxe específica. Valoraranse os seguintes cursos e do seguinte xeito:

– Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega: 1 punto.

– Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2 puntos.

En caso de acreditar máis dun curso de linguaxe específica do idioma galego, só se computará a puntuación correspondente ao superior.

b) Competencia en lingua galega. Valoraranse algunha das seguintes acreditacións con unha puntuación máxima total de 3 puntos

- Certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os contidos mínimos correspondentes ás ensinanzas especializadas das linguas españolas, impartidas nas Escolas Oficiais de Idiomas

- Certificado do nivel C2 de lingua galega do MCER.

4.5. Antigüidade

Para os efectos de valoración da antigüidade, só se terán en conta os servizos prestados na condición de persoal funcionario de carreira. A antigüidade valorarase por anos completos de servizo ou por fracción superior a seis meses, nos seguintes termos:

a) Servizos prestados nos corpos de Policía Local de Galicia: cando os servizos se prestasen en distintas categorías, cada período valorarase de acordo coa puntuación correspondente á categoría efectivamente desempeñada. A valoración efectuarase nos seguintes termos:

- Na categoría de policía: 0,44 puntos por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.
- Na categoría de oficial: 0,46 puntos por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.
- Na categoría de inspector/a: 0,48 puntos por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.
- Na categoría de inspector/a principal: 0,50 puntos por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.

- Na categoría de intendente: 0,52 puntos por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses.

A puntuación total resultará da suma das puntuacións obtidas en cada unha das categorías nas que a persoa aspirante prestase servizos.

b) Servizos prestados noutros corpos e forzas de seguridade: por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses, 0,22 puntos

c) Servizos prestados noutros corpos das administracións públicas: por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses, 0,11 puntos

4.6. Formación e docencia

Para os efectos deste apartado, só serán obxecto de valoración os méritos de formación e docencia obtidos ou realizados con posterioridade á adquisición da condición de persoal funcionario de carreira nun corpo de Policía Local.

4.6.1. Actividades formativas desenvolvidas pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp)

As actividades formativas desenvolvidas directamente pola Agasp, ou ao abeiro de convenios de colaboración subscritos por esta con administracións públicas, entidades do sector público ou organizacións sindicais, valoraranse conforme ao seguinte baremo:

- Por cada hora presencial: 0,025 puntos.
- Por cada hora a distancia: 0,020 puntos.

4.6.2. Cursos directamente relacionados coas materias e funcións da Policía Local impartidos por centros oficiais

Os cursos directamente relacionados coas materias e coas funcións propias da Policía Local impartidos polas escolas oficiais de formación das distintas administracións públicas ou polas universidades públicas, así como os impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas, valoraranse, en función da súa duración, conforme ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: 0,15 puntos.
- De 21 a 40 horas lectivas: 0,35 puntos.
- De 41 a 70 horas lectivas: 0,50 puntos.
- De 71 a 100 horas lectivas: 0,60 puntos.
- De 101 a 200 horas lectivas: 0,85 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: 1,15 puntos

Só serán obxecto de valoración neste apartado as actividades formativas nas que se acredite o aproveitamento, entendéndose por tal a superación dunha avaliación final, proba ou exame. Esta circunstancia deberá constar expresamente no certificado correspondente. En consecuencia, non se valorarán as actividades formativas acreditadas unicamente mediante asistencia.

Para os efectos do baremos deste apartado, entenderase por curso a actividade docente cunha duración igual ou superior a oito (8) horas.

4.6.3. Actividades formativas homologadas pola Agasp

As actividades formativas de interese policial homologadas pola Agasp valoraranse, en función da súa duración, de acordo co seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: 0,15 puntos.
- De 21 a 40 horas lectivas: 0,35 puntos.
- De 41 a 70 horas lectivas: 0,50 puntos.
- De 71 a 100 horas lectivas: 0,60 puntos.
- De 101 a 200 horas lectivas: 0,85 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: 1,15 puntos

Só serán obxecto de valoración as actividades formativas nas que se acredite o aproveitamento, entendéndose por tal a superación dunha avaliación final, proba ou exame. Esta circunstancia deberá constar expresamente no certificado correspondente. En consecuencia, non se valorarán as actividades formativas acreditadas unicamente mediante asistencia.

Para os efectos do baremos deste apartado, entenderase por curso a actividade docente cunha duración igual ou superior a oito (8) horas.

4.6.4. Docencia

Valorarase a docencia impartida en actividades formativas dirixidas ao persoal dos corpos de Policía Local ou doutros corpos e forzas de seguridade, desenvolvidas directamente pola Agasp.

A puntuación asignarase en función das horas efectivamente impartidas, conforme ao seguinte baremo:

– Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

– Cada hora en actividades de formación en liña: 0,007 puntos.

A docencia correspondente a unha mesma actividade formativa impartida en máis dunha ocasión computarase unha única vez, agás que transcorrese un período superior a dez (10) anos desde a súa impartición anterior.

4.6.5. Actividades non valorables

Non serán obxecto de valoración neste apartado:

- As materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica.
- Os certificados profesionais e os programas formativos dos obradoiros de emprego.
- As actividades formativas de carácter habilitante para o exercicio dunha profesión.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso cando se presenten de maneira fraccionada.
- Os cursos integrados en módulos, materias ou créditos que dean acceso a titulacións académicas oficiais ou que sexan validables por créditos universitarios.
- Os cursos que formen parte dos procesos selectivos de acceso á condición de persoal funcionario ou os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade, non se valorarán como formación. Non obstante, si será obxecto de valoración a docencia impartida nestes cursos, de acordo co previsto no apartado correspondente.
- Os cursos repetidos.

4.7. Distincións e recompensas

4.7.1 Distincións e recompensas reguladas no Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro:

- Placa individual ó mérito da Policía Local: 2,00 puntos
- Placa colectiva ó mérito da Policía Local: 1,50 puntos
- Medalla ó mérito da Policía Local: 1,00 punto

4.8.2 Distinción e condecoracións individuais outorgadas por outras forzas ou corpos de seguridade do Estado. Valóranse con 0,75 puntos, sempre que non se trate de condecoracións concedidas en virtude dos anos de servizo.

4.8.3 Distinción e condecoracións individuais reguladas nos regulamentos municipais dos corpos da Policía Local. Valóranse con 0,20 puntos, sempre que non se trate de condecoracións concedidas en virtude dos anos de servizo.

4.8. Exercicio dos dereitos de conciliación

Para os efectos de cómputo, os períodos expresados en meses computaranse por días naturais, considerando 30 días por mes. Serán obxecto de baremación os seguintes dereitos de conciliación, exercidos nos cinco anos anteriores a data de finalización do prazo do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo:

– Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,20 puntos/permiso

– Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,20 puntos/permiso

– Redución de xornada con diminución proporcional das súas retribucións por razóns de garda legal ou para o coidado directo do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar hasta o segundo grado de consanguinidade ou afinidade: 0,04 puntos/mes

– Excedencia para o coidado de familiares: 0,04 puntos/mes

– Situacións de risco durante o embarazo ou durante a lactación natural: 0,02 puntos/mes

5. Puntuación concurso-oposición

Neste procedemento de concurso-oposición, a puntuación máxima total do proceso selectivo será de 100 puntos, distribuídos en 40 puntos para a fase de concurso e 60 puntos para a fase de oposición.

A puntuación da fase concurso resultará da suma das puntuacións obtidas pola valoración dos méritos alegados e xustificados, sen que a puntuación computable para cada tipo de mérito poida exceder dos seguintes topes máximos:

1. Titulacións académicas: ata 6 puntos.
2. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española: ata 5 puntos.
3. Coñecemento de lingua galega: ata 3 puntos.
4. Antigüidade (experiencia profesional): ata 11 puntos.
5. Formación e docencia: ata 12 puntos.
6. Distincións e recompensas: ata 2 puntos.
7. Exercicio de dereitos de conciliación: ata 1 punto.

A puntuación da fase de concurso expresarase con tres decimais.

A puntuación da fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións obtidas nas probas que a integran, de conformidade cos criterios de cualificación establecidos para cada exercicio neste anexo. A puntuación total así obtida ponderarase mediante un axuste proporcional co fin de expresala sobre 60 puntos. Realizarase un axuste proporcional conforme á seguinte fórmula:

Puntuación da oposición ponderada = 60 x (puntuación de oposición obtida / puntuación máxima da oposición)

A puntuación da fase de oposición expresarase igualmente con tres decimais.

A puntuación final do proceso selectivo será a suma da puntuación ponderada da fase de oposición e a puntuación da fase de concurso, e expresarase con tres decimais.

Anexo III. Acceso ás categorías de Intendente Principal e Superintendente: baremo de méritos para o procedemento de concurso.

1. Procedemento por concurso

De conformidade coa Lei 4/2007, do 20 de abril, o acceso ás categorías de intendente principal e superintendente efectuarase por promoción interna, mediante o procedemento de concurso, entre o persoal funcionario de carreira do corpo que reúna os requisitos de antigüidade esixidos para o acceso a cada categoría.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que as persoas aspirantes presenten, xunto coa solicitude de participación, unha autobaremación dos méritos correspondentes ao concurso, efectuada conforme aos apartados e valoracións previstos neste anexo.

2. Méritos aplicables e baremo

Para a determinación dos méritos computables, así como da súa valoración e puntuación, estarase ao disposto no apartado 4 do Anexo II desta orde, relativo ao baremo de méritos para a fase de concurso no acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal e intendente, ao que se remite expresamente este anexo.

3. Puntuación no procedemento de concurso

A puntuación máxima total do concurso será de 40 puntos, distribuídos entre os seguintes apartados:

1. Titulacións académicas: ata 6 puntos.
2. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española: ata 5 puntos.
3. Coñecemento de lingua galega: ata 3 puntos.
4. Antigüidade (experiencia profesional): ata 11 puntos.
5. Formación e docencia: ata 12 puntos.
6. Distincións e recompensas: ata 2 puntos.
7. Exercicio de dereitos de conciliación: ata 1 punto.

A puntuación da fase de concurso expresarase con tres decimais.

Anexo IV. Provisión de postos vacantes por mobilidade na mesma categoría

1. Procedemento por concurso

De conformidade coa Lei 4/2007, do 20 de abril, a provisión de postos vacantes por mobilidade entre corpos de Policía Local de Galicia realizarase respecto de prazas da mesma categoría, mediante o procedemento de concurso de méritos, no que a selección se determina exclusivamente pola valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes, conforme ao baremo previsto neste anexo.

A data de referencia para a acreditación de cada mérito será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de provisión.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que as persoas aspirantes presenten, xunto coa solicitude de participación, unha autobaremación dos méritos correspondentes ao concurso.

2. Méritos aplicables e baremo

2.1. Titulacións académicas

Valorarase a posesión de titulacións académicas oficiais, conforme aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), nos seguintes termos:

– Doutoramento (nivel 4 MECES): 4,5 puntos.

– Mestrado universitario oficial (nivel 3 MECES - licenciatura universitaria, enxeñería, arquitectura): 3 puntos.

– Grao universitario (nivel 2 MECES – diplomatura universitaria, enxeñeiro técnico): 2,25 puntos.

– Técnico superior (nivel 1 MECES): 0,75 puntos.

As titulacións citadas corresponden ás reguladas con tal denominación no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior ou norma que a substitúa.

En todo caso, os títulos de doutoramento, mestrado universitario e grao universitario presentados para a súa valoración deberán axustarse ao disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, ou norma que o substitúa. Non se computarán neste apartado as ensinanzas propias universitarias reguladas no artigo 36 do citado Real decreto.

Para efectos de equivalencia, só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente como títulos académicos oficiais con validez en todo o territorio nacional.

Non se valorará a titulación esixida como requisito para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha titulación do mesmo nivel ou superior á esixida. Así mesmo, para efectos de valoración, non se terán en conta as titulacións necesarias ou empregadas como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior que xa fose obxecto de puntuación.

2.2. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española

Valorarase o coñecemento das linguas estranxeiras, distintas da lingua española e das linguas cooficiais de España, e da Lingua de Signos Española (LSE), conforme aos niveis establecidos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Os certificados acreditativos dos niveis de competencia lingüística valoraranse conforme ao seguinte baremo:

- Nivel C2: 3 puntos
- Nivel C1: 2 puntos
- Nivel B2: 1,5 puntos
- Nivel B1: 1 punto
- Nivel A2: 0,5 puntos

No caso das linguas estranxeiras, serán obxecto de valoración:

a) Os certificados admitidos pola Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES), de conformidade coa táboa de certificados vixente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) Os certificados admitidos por outras organizacións de igual carácter e finalidade que ACLES, sempre que estas fosen previamente recoñecidas, para os efectos da aplicación desta orde, mediante orde da consellería competente en materia de coordinación de policías locais.

c) Os certificados expedidos polas escolas oficiais de idiomas correspondentes aos niveis do MCER, de acordo co establecido no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en

diversos plans de estudos e as previstas no citado real decreto, ou na norma que o substitúa.

No caso da lingua de signos española, valoraranse os Diplomas de Lingua de Signos Española (DLSE) obtidos e expedidos de conformidade co establecido no Real decreto 262/2026, do 1 de abril, polo que se establecen os Diplomas de Lingua de Signos Española (DLSE) e se modifican varias normas regulamentarias, ou na norma que o substitúa.

Só se valorarán os certificados correspondentes a idiomas distintos. Para un mesmo idioma, unicamente se valorará o certificado acreditativo do nivel máis alto do MCER que presente a persoa aspirante, sen que poidan acumularse as puntuacións correspondentes a niveis inferiores.

2.3. Grao de coñecemento do idioma galego

a) Curso de linguaxe específica. Valoraranse os seguintes cursos e do seguinte xeito:

– Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega: 1 punto.

– Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2 puntos.

En caso de acreditar máis dun curso de linguaxe específica do idioma galego, só se computará a puntuación correspondente ao superior.

b) Competencia en lingua galega. Valoraranse algunha das seguintes acreditacións con unha puntuación máxima total de 3 puntos

- Certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os contidos mínimos correspondentes ás ensinanzas especializadas das linguas españolas, impartidas nas Escolas Oficiais de Idiomas

- Certificado do nivel C2 de lingua galega do MCER.

2.4. Antigüidade

Para os efectos de valoración da antigüidade, só se terán en conta os servizos prestados na condición de persoal funcionario de carreira. A antigüidade valorarase por anos completos de servizo ou por fracción superior a seis meses, nos seguintes termos:

a) Servizos prestados nos corpos de Policía Local de Galicia: por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses, 0,80 puntos

b) Servizos prestados noutros corpos e forzas de seguridade: por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses, 0,40 puntos

c) Servizos prestados noutros corpos das administracións públicas: por cada ano de servizo ou fracción superior a seis meses, 0,20 puntos

2.5. Formación e docencia

Para os efectos deste apartado, só serán obxecto de valoración os méritos de formación e docencia obtidos ou realizados con posterioridade á adquisición da condición de persoal funcionario de carreira nun corpo de Policía Local.

A valoración da formación, prevista nos subapartados 2.5.1, 2.5.2 e 2.5.3, limitarase aos cursos e actividades formativas realizados nos quince anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da correspondente convocatoria do proceso de provisión.

2.5.1. Actividades formativas desenvolvidas pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp)

As actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ou ao abeiro de convenios de colaboración subscritos por esta con administracións públicas, entidades do sector público ou organizacións sindicais , valoraranse conforme ao seguinte baremo:

- Por cada hora presencial: 0,025 puntos.
- Por cada hora a distancia: 0,020 puntos.

2.5.2. Cursos directamente relacionados coas materias e funcións da Policía Local impartidos por centros oficiais

Os cursos directamente relacionados coas materias e coas funcións propias da Policía Local impartidos polas escolas oficiais de formación das distintas administracións públicas ou polas universidades públicas, así como os impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas, valoraranse, en función da súa duración, conforme ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: 0,15 puntos.
- De 21 a 40 horas lectivas: 0,35 puntos.
- De 41 a 70 horas lectivas: 0,50 puntos.
- De 71 a 100 horas lectivas: 0,60 puntos.
- De 101 a 200 horas lectivas: 0,85 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: 1,15 puntos

Só serán obxecto de valoración neste apartado as actividades formativas nas que se acredite o aproveitamento, entendéndose por tal a superación dunha avaliación final, proba ou exame. Esta circunstancia deberá constar expresamente no

certificado correspondente. En consecuencia, non se valorarán as actividades formativas acreditadas unicamente mediante asistencia.

Para os efectos do baremos deste apartado, entenderase por curso a actividade docente cunha duración igual ou superior a oito (8) horas.

2.5.3. Actividades formativas homologadas pola Agasp

As actividades formativas de interese policial homologadas pola Agasp valoraranse, en función da súa duración, de acordo co seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: 0,15 puntos.
- De 21 a 40 horas lectivas: 0,35 puntos.
- De 41 a 70 horas lectivas: 0,50 puntos.
- De 71 a 100 horas lectivas: 0,60 puntos.
- De 101 a 200 horas lectivas: 0,85 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: 1,15 puntos

Só serán obxecto de valoración as actividades formativas nas que se acredite o aproveitamento, entendéndose por tal a superación dunha avaliación final, proba ou exame. Esta circunstancia deberá constar expresamente no certificado correspondente. En consecuencia, non se valorarán as actividades formativas acreditadas unicamente mediante asistencia.

Para os efectos do baremos deste apartado, entenderase por curso a actividade docente cunha duración igual ou superior a oito (8) horas.

2.5.4. Docencia

Valorarase a docencia impartida en actividades formativas dirixidas ao persoal dos corpos de Policía Local ou doutros corpos e forzas de seguridade, desenvolvidas directamente pola Agasp.

A puntuación asignarase en función das horas efectivamente impartidas, conforme ao seguinte baremo:

– Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

– Cada hora en actividades de formación en liña: 0,007 puntos.

A docencia correspondente a unha mesma actividade formativa impartida en máis dunha ocasión computarase unha única vez, agás que transcorrese un período superior a dez (10) anos desde a súa impartición anterior.

2.5.5. Actividades non valorables

Non serán obxecto de valoración neste apartado:

- As materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica.
- Os certificados profesionais e os programas formativos dos obradoiros de emprego.
- As actividades formativas de carácter habilitante para o exercicio dunha profesión.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso cando se presenten de maneira fraccionada.
- Os cursos integrados en módulos, materias ou créditos que dean acceso a titulacións académicas oficiais ou que sexan validables por créditos universitarios.
- Os cursos que formen parte dos procesos selectivos de acceso á condición de persoal funcionario ou os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade, non se valorarán como formación. Non obstante, si será obxecto de valoración a docencia impartida nestes cursos, de acordo co previsto no punto anterior.
- Os cursos repetidos.

2.6. Distincións e recompensas

2.6.1 Distincións e recompensas reguladas no Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro:

- Placa individual ó mérito da Policía Local: 2,00 puntos
- Placa colectiva ó mérito da Policía Local: 1,50 puntos
- Medalla ó mérito da Policía Local: 1,00 punto

2.6.2 Distinción e condecoracións individuais outorgadas por outras forzas ou corpos de seguridade do Estado. Valóranse con 0,75 puntos, sempre que non se trate de condecoracións concedidas en virtude dos anos de servizo.

2.6.3 Distinción e condecoracións individuais reguladas nos regulamentos municipais dos corpos da Policía Local. Valóranse con 0,20 puntos, sempre que non se trate de condecoracións concedidas en virtude dos anos de servizo.

2.7. Exercicio dos dereitos de conciliación

Para os efectos de cómputo, os períodos expresados en meses computaranse por días naturais, considerando 30 días por mes. Serán obxecto de baremación os seguintes dereitos de conciliación, exercidos nos cinco anos anteriores a data de finalización do prazo do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo:

– Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,2 puntos/permiso

– Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,2 puntos/permiso

– Redución de xornada con diminución proporcional das súas retribucións por razóns de garda legal ou para o coidado directo do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar hasta o segundo grado de consanguinidade ou afinidade: 0,04 puntos/mes

– Excedencia para o coidado de familiares: 0,04 puntos/mes

– Situacións de risco durante o embarazo ou durante a lactación natural: 0,02 puntos/mes

3. Puntuación no procedemento de concurso

O acceso efectuarase mediante concurso de méritos, polo que a puntuación final de cada persoa participante virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados do baremo, de acordo coa documentación acreditativa presentada nos termos establecidos na convocatoria.

A puntuación máxima total do concurso será de 70 puntos, que se distribuirán entre os seguintes apartados:

1. Titulacións académicas: ata 8 puntos.
2. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española: ata 6 puntos.
3. Coñecemento de lingua galega: ata 3 puntos.
4. Antigüidade (experiencia profesional): ata 20 puntos.
5. Formación e docencia: ata 30 puntos. A valoración dos méritos de formación e docencia estruturarase nos seguintes subapartados:
    a) Formación realizada na Academia Galega de Seguridade Pública: ata 30 puntos.
    b) Cursos directamente relacionados coas materias e funcións da Policía Local impartidos por centros oficiais, polas escolas oficiais de formación das administracións públicas ou no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas: ata 15 puntos.
    c) Actividades formativas homologadas pola Academia Galega de Seguridade Pública: ata unha puntuación máxima equivalente ao 50 % da puntuación obtida pola persoa aspirante no subapartado a), correspondente a de actividades formativas desenvolvidas pola Academia Galega de Seguridade Pública.

d) Docencia: ata unha puntuación máxima equivalente á puntuación obtida pola persoa aspirante no subapartado correspondente a actividades formativas desenvolvidas pola Academia Galega de Seguridade Pública.

A puntuación total computable polo conxunto dos méritos incluídos neste apartado non poderá superar, en ningún caso, os 30 puntos.

6. Distincións e recompensas: ata 2 puntos.

7. Exercicio de dereitos de conciliación: ata 1 punto.

A puntuación da fase de concurso expresarase con tres decimais.

Anexo V. Ingreso nas diferentes categorías da subescala facultativa: probas selectivas e temario (parte xeral)

1. Sistema de ingreso ás prazas da subescala facultativa

De conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 4/2007, do 20 de abril, o ingreso ás prazas das diferentes categorías da subescala facultativa efectuarase, con carácter xeral, mediante o sistema de oposición libre, entre persoas aspirantes que reúnan os requisitos esixidos.

Así mesmo, e nos termos previstos no citado precepto, cada convocatoria reservará unha parte das prazas para seren cubertas polo sistema de concurso-oposición, de acordo coa porcentaxe e condicións establecidas na propia lei. A selección determinarase pola superación da fase de oposición e pola posterior valoración dos méritos das persoas aspirantes conforme ao baremo previsto neste anexo.

2. Ingreso na subescala facultativa polo sistema de oposición

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, as probas da oposición, a súa descrición e a orde de desenvolvemento axustaranse ao previsto para o ingreso na categoría de policía e, ademais, o proceso selectivo incluirá unha proba de coñecementos da especialidade da subescala de que se trate, cuxo contido se determina nesta orde.

2.1. Probas

As probas que integran a fase oposición, na orde en que deberán realizarse, son as seguintes:

a) Probas de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.

b) Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aquelas persoas que non puidesen acreditalo documentalmente e que se realizará xunto coa proba anterior.

c) Probas de aptitude física.

d) Probas psicotécnicas.

e) Recoñecemento médico.

Son probas eliminatorias, sendo preciso acadar a cualificación mínima establecida en cada unha delas para continuar no proceso selectivo.

2.2. Probas de avaliación dos coñecementos

2.2.1. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría policía

As probas de avaliación dos coñecementos que deberán realizar as persoas aspirantes a subescala facultativa- categoría policía serán as previstas para o ingreso na categoría de policía, recollidas no Anexo I, apartado 2.1, e aplicaranse integramente a súa descrición, contido, criterios de corrección e sistema de cualificación establecidos nese anexo.

2.2.2. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría oficial

As probas de avaliación dos coñecementos que deberán realizar as persoas aspirantes a subescala facultativa- categoría oficial serán as previstas para o acceso a categoría de oficial, recollidas no Anexo II, apartado 2, e aplicaranse integramente a súa descrición, contido, criterios de corrección e sistema de cualificación establecidos nese anexo, sen prexuízo do previsto para a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, que se rexerá polo disposto no apartado 2.3 deste anexo.

En todo caso, a proba de coñecemento de resolución dun caso práctico, consistirá na resolución, por escrito, dun suposto directamente relacionado coas funcións e tarefas propias da especialidade da subescala facultativa convocada.

2.2.3. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría inspector

As persoas aspirantes á subescala facultativa, categoría de inspector/a, deberán realizar as seguintes probas de avaliación dos coñecementos:

a) Cuestionario tipo test

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test. A súa descrición, contido, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación serán os establecidos no apartado 2.2 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de inspector/a.

b) Desenvolvemento por escrito dun tema

A proba consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema, que a persoa aspirante elixirá entre dous temas obtidos mediante sorteo polo tribunal entre os incluídos no temario recollido na convocatoria.

O tempo máximo para a realización da proba será de noventa minutos.

O exercicio será lido pola persoa aspirante en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superala será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Na cualificación, o tribunal valorará a amplitude, precisión e corrección dos coñecementos expostos, a adecuada estruturación e desenvolvemento do tema, a claridade e orde da exposición e a corrección da expresión escrita.

c) Resolución dun caso práctico

A descrición, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación desta proba serán os establecidos no apartado 2.2 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de inspector/a, coas adaptacións derivadas da especialidade convocada.

A proba consistirá, en todo caso, na resolución por escrito dun suposto práctico directamente relacionado coas funcións e tarefas propias da especialidade da subescala facultativa obxecto da convocatoria.

2.2.4. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría inspector/a principal

As persoas aspirantes á subescala facultativa, categoría de inspector/a principal, deberán realizar as seguintes probas de avaliación dos coñecementos:

a) Cuestionario tipo test

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test. A súa descrición, contido, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación serán os establecidos no apartado 2.3 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de inspector/a.

b) Desenvolvemento por escrito dun tema

A proba consistirá no desenvolvemento por escrito de dous (2) temas, que a persoa aspirante elixirá entre catro (4) temas obtidos mediante sorteo polo tribunal entre os incluídos no temario recollido na convocatoria.

O tempo máximo para a realización da proba será de cento oitenta (180) minutos.

O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superala será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Na cualificación, o tribunal valorará a amplitude, precisión e corrección dos coñecementos expostos, a adecuada estruturación e desenvolvemento do tema, a claridade e orde da exposición e a corrección da expresión escrita.

c) Resolución dun caso práctico

A descrición, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación desta proba serán os establecidos no apartado 2.3 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de inspector/a principal, coas adaptacións derivadas da especialidade convocada.

A proba consistirá, en todo caso, na resolución por escrito dun suposto práctico directamente relacionado coas funcións e tarefas propias da especialidade da subescala facultativa obxecto da convocatoria.

2.2.5. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría intendente

As persoas aspirantes á subescala facultativa, categoría de intendente, deberán realizar as seguintes probas de avaliación dos coñecementos:

a) Cuestionario tipo test

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test. A súa descrición, contido, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación serán os establecidos no apartado 2.4 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de intendente.

b) Desenvolvemento por escrito dun tema

A proba consistirá no desenvolvemento por escrito de dous (2) temas, que a persoa aspirante elixirá entre catro (4) temas obtidos mediante sorteo polo tribunal entre os incluídos no temario recollido na convocatoria.

O tempo máximo para a realización da proba será de cento oitenta (180) minutos.

O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superala será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Na cualificación, o tribunal valorará a amplitude, precisión e corrección dos coñecementos expostos, a adecuada estruturación e desenvolvemento do tema, a claridade e orde da exposición e a corrección da expresión escrita.

c) Resolución dun caso práctico

A descrición, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación desta proba serán os establecidos no apartado 2.4 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de intendente, coas adaptacións derivadas da especialidade convocada.

A proba consistirá, en todo caso, na resolución por escrito dun suposto práctico directamente relacionado coas funcións e tarefas propias da especialidade da subescala facultativa obxecto da convocatoria.

2.2.6. Probas de avaliación dos coñecementos: subescala facultativa-categoría intendente principal

As persoas aspirantes á subescala facultativa, categoría de intendente principal, deberán realizar as seguintes probas de avaliación dos coñecementos:

a) Cuestionario tipo test

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test. A súa descrición, contido, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación serán os establecidos no apartado 2.4 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de intendente.

b) Desenvolvemento por escrito dun tema

A proba consistirá no desenvolvemento por escrito de dous (2) temas, que a persoa aspirante elixirá entre catro (4) temas obtidos mediante sorteo polo tribunal entre os incluídos no temario recollido na convocatoria.

O tempo máximo para a realización da proba será de cento oitenta (180) minutos.

O exercicio será lido en sesión pública ante o tribunal e cualificado na mesma sesión.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superala será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

Na cualificación, o tribunal valorará a amplitude, precisión e corrección dos coñecementos expostos, a adecuada estruturación e desenvolvemento do tema, a claridade e orde da exposición e a corrección da expresión escrita.

c) Resolución dun caso práctico

A descrición, duración, criterios de corrección e sistema de cualificación desta proba serán os establecidos no apartado 2.4 do anexo II desta orde para o acceso á categoría de intendente, coas adaptacións derivadas da especialidade convocada.

A proba consistirá, en todo caso, na resolución por escrito dun suposto práctico directamente relacionado coas funcións e tarefas propias da especialidade da subescala facultativa obxecto da convocatoria.

2.3. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega

Esta proba realizarase unicamente polas persoas aspirantes que non acreditasen documentalmente o nivel de coñecemento da lingua galega esixido para cada categoría e desenvolverase no mesmo acto que o cuestionario tipo test da proba de avaliación do coñecemento.

Os criterios de realización e cualificación, así como o réxime de exención, serán os establecidos para o ingreso na categoría de policía, recollidos no punto 3 do Anexo I desta orde (Ingreso na categoría de policía, escala básica).

2.4. Probas físicas

As probas de aptitude física que deberán realizar as persoas aspirantes ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa serán as previstas para o ingreso na categoría de policía, recollidas no Anexo I, apartado 4, ás que se lles aplicarán, integramente, a descrición dos exercicios, as condicións de execución, as marcas exixibles e os criterios de cualificación establecidos nese anexo.

2.5. Probas psicotécnicas

As probas psicotécnicas que deberán realizar as persoas aspirantes ao acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa serán as mesmas que as establecidas no Anexo I, apartado 5, para o ingreso na categoría de policía dos corpos de Policía Local de Galicia, e rexeranse pola súa descrición, contido, corrección, valoración e criterios de superación alí previstos.

2.6. Recoñecemento médico

O recoñecemento médico das persoas aspirantes ao acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa será o mesmo que o establecido no Anexo I, apartado 6, para o ingreso na categoría de policía dos corpos de Policía Local de Galicia, e realizarase conforme ao cadro de exclusións, condicións e criterios de cualificación alí previstos.

2.7. Puntuación da oposición

De conformidade co disposto no artigo 35.3 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, a puntuación final das persoas aspirantes no proceso selectivo polo sistema de oposición corresponderá á cualificación obtida na proba de avaliación dos coñecementos, referida ao temario aplicable, sen prexuízo do carácter eliminatorio do resto das probas.

A puntuación da fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións obtidas nas probas que a integran, de conformidade cos criterios de cualificación establecidos para cada exercicio. A puntuación total así obtida converterase a unha escala de 0 a 10 puntos, mediante axuste proporcional respecto da puntuación máxima total da fase de oposición, conforme á seguinte fórmula:

Puntuación da oposición (0–10) = 10 × (puntuación de oposición obtida / puntuación máxima da oposición).

A puntuación da fase de oposición expresarase con tres decimais.

2.8. Criterio de desempate

No suposto de producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes nos procesos selectivos de acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa, a fin de determinar a orde definitiva da relación de persoas aprobadas e, se é o caso, da lista de reserva, aplicaranse sucesivamente os criterios de prelación previstos no artigo 26.3 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

2.9. Temarios

Os temarios para o ingresos ás distintas categorías da subescala facultativa estrutúranse en dúas partes: unha parte xeral e unha parte específica, co fin de garantir, por unha banda, un marco común de coñecementos aplicables á función policial e, pola outra, a adecuación do proceso selectivo ás particularidades técnicas de cada especialidade.

A parte xeral comprenderá aquelas materias máis directamente vinculadas ás funcións xerais dos corpos de Policía Local e ao marco básico da actuación administrativa e policial, garantindo un nivel común de coñecementos con independencia da especialidade.

A parte específica comprenderá os contidos propios da especialidade e das funcións concretas asociadas ás prazas convocadas, en atención á titulación ou cualificación esixida, ás competencias profesionais que se requiran e ás tarefas efectivas ás que deberán dedicarse as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo.

Neste anexo recóllense os temarios correspondentes á parte xeral.

2.9.1. Temario xeral de ingreso categoría de policía e oficial da subescala facultativa

1. A Constitución española de 1978: estrutura, contido e valores superiores do ordenamento xurídico. O Estado social e democrático de dereito. A soberanía nacional e a forma política do Estado.
2. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
3. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
4. As institucións do Estado na Constitución española. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

5. A organización do poder e do territorio no Estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución española.
6. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura, disposicións xerais e institucións de autogoberno. Parlamento, Presidencia, Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. Reforma do Estatuto.
7. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos: alzada e reposición; recurso extraordinario de revisión.
8. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. Estrutura do procedemento administrativo. A administración electrónica.
9. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
10. A Administración local española: regulación xurídica e principios xerais. As entidades locais: clases, elementos e potestades. A autonomía local. O municipio: territorio, poboación e padrón municipal.
11. O réxime xurídico do municipio: organización, competencias e funcionamento. Órganos de goberno municipais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Licenzas, declaración responsable e comunicación previa.
12. O emprego público na Administración local. Clases de persoal. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoa funcionaria.
13. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoa funcionaria e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
14. Lei de forzas e corpos de seguridade: principios básicos de actuación. Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e policías autonómicas. Funcións da Policía Local. As Xuntas Locais de Seguridade
15. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.

16. Lei de protección dá seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
17. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento: organización, selección, formación, mobilidade e réxime disciplinario.
18. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Os plans de emerxencia nos municipios. Protección civil municipal. Funcións da Policía Local en emerxencias e grandes catástrofes.
19. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos dá actividade policial e a súa xestión.
20. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de xénero. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial.

2.9.2. Temario xeral de ingreso categoría inspector e inspector principal da subescala facultativa

1. A Constitución española de 1978: estrutura, contido e valores superiores do ordenamento xurídico. O Estado social e democrático de dereito. A soberanía nacional e a forma política do Estado.
2. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
3. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
4. As institucións do Estado na Constitución española. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
5. A organización do poder e do territorio no Estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución española.
6. A representación política en España. Os partidos políticos. O sistema electoral español. O dereito de sufraxio. Organización do sufraxio e o procedemento electoral. A Administración electoral.

7. As organizacións sindicais e empresariais en España. Liberdade sindical e asociación empresarial. Representación sindical. Órganos de representación e participación na empresa e nas administracións públicas.
8. O ordenamento xurídico. Concepto e estrutura da norma xurídica. Os diferentes tipos de normas xurídicas: Normas de Dereito público e de Dereito privado; normas de Dereito común e de Dereito especial. As fontes do Dereito. A Constitución como fonte de Dereito. A Lei: Concepto e clases. O costume. Os principios xerais do Dereito. A xurisprudencia. A Xurisprudencia emanada do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. A interpretación, aplicación e efectos das normas xurídicas.
9. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura, disposicións xerais e institucións de autogoberno. Parlamento, Presidencia, Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. Reforma do Estatuto.
10. A Administración local española: regulación xurídica e principios xerais. As entidades locais: clases, elementos e potestades. A autonomía local. O municipio: territorio, poboación e padrón municipal.
11. As competencias dos municipios. Especial referencia ás de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Delegación de competencias polo Estado ou pola Comunidade Autónoma. Competencias das provincias.
12. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos da Alcaldía.
13. A intervención municipal na actividade dos particulares. A Policía Local como policía administrativa. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables: concepto, tipos e tramitación.
14. Os bens das Entidades Locais. As súas clases. Réxime xurídico. Os ingresos das Corporacións Locais. O orzamento municipal.
15. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoa funcionaria.
16. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoa funcionaria e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

17. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos.
18. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. A administración electrónica. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación e instrución. Finalización. Execución. Revisión de oficio. Recursos administrativos.
19. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
20. Lei de Forzas e Corpos de Seguridade: Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. As Policías Locais. As Xuntas Locais de Seguridade.
21. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.
22. Lei de protección dá seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
23. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.
24. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (I): os corpos de policía local, creación, estrutura e organización. Colaboración intermunicipal. A coordinación.
25. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (II): A selección, formación, promoción e mobilidade. Réxime disciplinario. Vixiantes municipais e auxiliares de policía local.
26. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (III):, Réxime estatutario. Uniformidade, acreditación e medios técnicos.
27. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal. Funcións da Policía Local en emerxencias e grandes catástrofes.

28. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos dá actividade policial e a súa xestión.
29. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial.
30. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A figura da persoa delegada de protección de datos. O rexistro de actividades de tratamento. Medidas técnicas e organizativas de seguridade. A información de dereitos á cidadanía. A cesión de datos.

2.9.3. Temario xeral de ingreso categoría intendente e intendente principal da subescala facultativa

1. A Constitución española de 1978: estrutura, contido e valores superiores do ordenamento xurídico. O Estado social e democrático de dereito. A soberanía nacional e a forma política do Estado.
2. A persoa na Constitución española. Os españois e os estranxeiros. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os dereitos e deberes da cidadanía.
3. A protección constitucional dos dereitos. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. A persoa defensora do pobo. A suspensión dos dereitos e liberdades.
4. As institucións do Estado na Constitución española. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. As relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
5. A organización do poder e do territorio no Estado constitucional. O Poder Xudicial. A organización territorial do Estado. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución española.
6. A representación política en España. Os partidos políticos. O sistema electoral español. O dereito de sufraxio. Organización do sufraxio e o procedemento electoral. A Administración electoral.
7. As organizacións sindicais e empresariais en España. Liberdade sindical e asociación empresarial. Representación sindical. Órganos de representación e participación na empresa e nas administracións públicas.
8. O ordenamento xurídico. Concepto e estrutura da norma xurídica. Os diferentes tipos de normas xurídicas: Normas de Dereito público e de Dereito

privado; normas de Dereito común e de Dereito especial. As fontes do Dereito. A Constitución como fonte de Dereito. A Lei: Concepto e clases. O costume. Os principios xerais do Dereito. A xurisprudencia. A Xurisprudencia emanada do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. A interpretación, aplicación e efectos das normas xurídicas.

9. A Unión Europea e As Comunidades Europeas. As Institucións da Unión Europea: O Consello Europeo, o Consello, a Comisión, o Parlamento Europeo e o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. O Espazo Europeo de liberdade, seguridade e xustiza. O acordo de Schengen.
10. O Dereito comunitario. Tipoloxía de fontes. Aplicación e eficacia do Dereito comunitario nos países membros. Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea: dereitos fundamentais e liberdades básicas.
11. O Estatuto de autonomía de Galicia (I): natureza, estrutura, principios xerais e institucións de autogoberno da Comunidade Autónoma. Territorio, símbolos, lingua e condición política de galego.
12. O Estatuto de autonomía de Galicia (II): as relacións da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A Administración de xustiza e a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.
13. A Administración local española: regulación xurídica e principios xerais. As entidades locais: clases, elementos e potestades. A autonomía local. O municipio: territorio, poboación e padrón municipal.
14. As competencias dos municipios. Especial referencia ás de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Delegación de competencias polo Estado ou pola Comunidade Autónoma. Competencias das provincias.
15. Organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde, A xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais. Réxime de organización dous municipios de gran poboación: ámbito de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais.
16. A intervención municipal na actividade dos particulares. A Policía Local como policía administrativa. Licenzas, comunicacións previas e declaracións responsables: concepto, tipos e tramitación.
17. As multas municipais. Conceptos e clases. Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

18. O emprego público na Administración local. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Planificación, ordenación e estrutura do emprego público. Acceso ao emprego público e adquisición da condición de persoa funcionaria.
19. O réxime xurídico do persoal empregado público. Dereitos e deberes. Perda da condición de persoa funcionaria e situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
20. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos.
21. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. A administración electrónica. Iniciación do procedemento administrativo. Ordenación e instrución. Finalización. Execución. Revisión de oficio. Recursos administrativos.
22. Lexislación básica de réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.
23. Lei de Forzas e Corpos de Seguridade: Disposicións xerais. Principios básicos de actuación. Disposicións estatutarias comúns. As funcións e competencias das Forzas e Corpos de Seguridade. As Policías Locais. As Xuntas Locais de Seguridade.
24. Lei de protección da seguridade cidadá (I): disposicións xerais. Autoridades e órganos competentes. Documentación e identificación persoal. Actuacións para o mantemento e restablecemento da seguridade cidadá.
25. Lei de protección dá seguridade cidadá (II): potestades especiais de policía administrativa. Réxime sancionador en materia de seguridade cidadá.
26. Regulamento de armas: obxecto e ámbito. Definicións. Clasificación das armas regulamentadas. Armas prohibidas. Tenencia e uso de armas.
27. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (I): os corpos de policía local, creación, estrutura e organización. Colaboración intermunicipal. A coordinación.
28. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (II): A selección, formación, promoción e mobilidade. Réxime disciplinario. Vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

29. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento (III):, Réxime estatutario. Uniformidade, acreditación e medios técnicos.
30. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal. Funcións da Policía Local en emerxencias e grandes catástrofes.
31. Plans de emerxencias. Normativa sobre autoprotección. Planificación de emerxencias en Galicia. Plan territorial de Galicia. Plan de emerxencias Municipal. Plans especiais.
32. O Código penal e a actuación policial. Concepto de infracción penal. Delitos e penas. Persoas responsables criminalmente. Graos de execución do delito. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal.
33. Estatuto da vítima do delito: ámbito de aplicación, concepto xeral de vítima, dereitos básicos, protección das vítimas e medidas de protección.
34. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades da persoa axente de policía.
35. Lei de axuizamento criminal. Principios de actuación da policía xudicial. O atestado policial: concepto, estrutura e valor probatorio. Dilixencias policiais e comunicación coa autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal.
36. Procedementos penais. A instrución. A denuncia e a querela. Dilixencias previas do procedemento abreviado. Sumario ordinario por delitos graves. Xuízo rápido por delito. Xuízo por delito leve. Procedemento ante o tribunal do xurado.
37. Prevención de riscos laborais na función policial: normativa básica, avaliación de riscos, medidas preventivas, equipamentos de protección individual, riscos específicos dá actividade policial e a súa xestión.
38. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial.
39. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A figura da persoa delegada de protección de datos. O rexistro de actividades de tratamento. Medidas técnicas e organizativas de seguridade. A información de dereitos á cidadanía. A cesión de datos.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión. Declaración do Consello de Europa sobre a Policía. Código de conduta para funcionarios encargados de facer cumprir a Lei da Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Código Europeo de Ética da Policía. Principios básicos de actuación policial desde a perspectiva deontolóxica.

2.9.4. Temario específico de ingreso categoría oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa

O temario específico correspondente a cada especialidade da subescala facultativa aprobarase mediante resolución do órgano directivo competente en materia de coordinación de policías locais.

O temario específico incluirá, como mínimo, contidos vinculados coa titulación ou cualificación esixida, coas competencias da especialidade e coas funcións técnicas da categoría da subescala convocada, comprendendo o marco normativo sectorial e os procedementos e criterios básicos de actuación necesarios para o desempeño das súas funcións.

En todo caso, o número de temas do temario específico das distintas categorías da subescala facultativa deberá fixarse de maneira que, sumados os temas da parte xeral e da parte específica, o temario total non sexa inferior ao número de temas establecido nesta orde para o ingreso ou acceso á categoría equivalente dos corpos de Policía Local.

No caso do ingreso á categoría de intendente principal da subescala facultativa, o temario total (parte xeral máis parte específica) deberá superar, como mínimo, en dez (10) temas o número de temas establecido para o acceso á categoría de intendente.

3. Ingreso na subescala facultativa polo sistema de concurso-oposición

A fase de oposición terá carácter previo e eliminatorio, de modo que a persoa aspirante deberá superala en primeiro lugar para poder pasar á fase de concurso, na que se valorarán os méritos conforme ao baremo previsto neste anexo das persoas aspirantes que aprobaran a fase de oposición.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que as persoas aspirantes presenten, xunto coa solicitude de participación, unha autobaremación dos méritos correspondentes á fase de concurso.

3.1. Fase oposición

A fase de oposición no ingreso na subescala facultativa polo sistema de concurso-oposición axustarase integramente ao establecido para cada categoría no apartado 2.2 e 2.3 deste anexo (ingreso na subescala facultativa polo sistema de oposición

libre), resultando de aplicación a mesma orde de realización das probas, a descrición dos exercicios, as condicións de execución, os criterios de corrección e cualificación, así como, de ser o caso, as previsións sobre exencións e acreditacións, sen máis particularidades que as derivadas da posterior valoración de méritos na fase de concurso.

2.2 Fase concurso

A fase de concurso no ingreso na subescala facultativa polo sistema de concurso-oposición axustarase integramente ao establecido no Anexo II, apartado 4 (acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal e intendente), sendo de aplicación íntegra os méritos computables, os requisitos de baremación, os criterios de valoración e o baremo previstos no devandito anexo.

3.2 Puntuación concurso-oposición

Neste procedemento de concurso-oposición, a puntuación máxima total do proceso selectivo será de 100 puntos, distribuídos en 40 puntos para a fase de concurso e 60 puntos para a fase de oposición. A puntuación final de cada persoa aspirante obterase pola suma da puntuación ponderada da fase de oposición e da puntuación da fase de concurso, nos termos previstos neste anexo.

A puntuación da fase concurso resultará da suma das puntuacións obtidas pola valoración dos méritos alegados e xustificados, sen que a puntuación computable para cada tipo de mérito poida exceder dos seguintes topes máximos:

1. Titulacións académicas: ata 6 puntos.
2. Coñecemento de linguas estranxeiras e da lingua de signos española ata 5 puntos.
3. Coñecemento de lingua galega: ata 3 puntos.
4. Antigüidade (experiencia profesional): ata 11 puntos.
5. Formación e docencia: ata 12 puntos.
6. Distincións e recompensas: ata 2 puntos.
7. Exercicio de dereitos de conciliación: ata 1 punto.

A puntuación da fase de concurso expresarase con tres decimais.

A puntuación da fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións obtidas nas probas que a integran, de conformidade cos criterios de cualificación establecidos para cada exercicio. A puntuación total así obtida ponderarase mediante un axuste proporcional co fin de expresala sobre 60 puntos. Realizarase un axuste proporcional conforme á seguinte fórmula:

Puntuación da oposición ponderada = 60 x (puntuación de oposición obtida / puntuación máxima da oposición)

A puntuación da fase de oposición expresarase igualmente con tres decimais.

A puntuación final do proceso selectivo será a suma da puntuación ponderada da fase de oposición e a puntuación da fase de concurso, e expresarase con tres decimais.

3.3. Criterio de desempate

No suposto de producirse empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes nos procesos selectivos de acceso ás categorías de oficial, inspector/a, inspector/a principal, intendente e intendente principal da subescala facultativa, a fin de determinar a orde definitiva da relación de persoas aprobadas e, se é o caso, da lista de reserva, aplicaranse sucesivamente os criterios de prelación previstos no artigo 34 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

Anexo VI. Acceso ás prazas de persoal vixilantes municipais: probas selectivas e temarios

1. Probas da fase de oposición

De conformidade co disposto no artigo 44 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, o desenvolvemento do proceso selectivo, polo sistema de oposición, para o ingreso como vixiante municipal axustarase, con carácter xeral, ao previsto para o ingreso nos corpos de Policía Local.

En consecuencia, as probas da fase de oposición, citadas pola orde en que deberán realizarse, seguen criterios semellantes que os previstos para o acceso á categoría de policía, coas particularidades que, de ser o caso, se recollen neste anexo. Son probas eliminatorias, sendo preciso acadar a cualificación mínima establecida en cada unha delas para continuar no proceso selectivo.

As probas que integran a fase de oposición, na orde en que deberán realizarse, son as seguintes:

a) Probas de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.

b) Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aquelas persoas que non puidesen acreditalo documentalmente e que se realizará xunto coa proba anterior.

c) Probas de aptitude física.

d) Probas psicotécnicas.

e) Recoñecemento médico.

2. Probas de avaliación do coñecemento

2.1. A proba de avaliación de coñecementos consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta.

As preguntas axustaranse ó temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de cinco (5) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de sesenta (60) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

As bases reguladoras de cada convocatoria poderán establecer que, unha vez cualificada as probas de coñecementos, para a continuidade no proceso selectivo só serán convocadas para realizar o resto das probas as persoas aspirantes que, por orde decrecente de puntuación, acaden as mellores cualificacións, cun número que non poderá ser inferior, en ningún caso, ao dobre das prazas convocadas, sempre que obteñan unha puntuación mínima de cinco (5) puntos, unha vez efectuadas as deducións que correspondan.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)*10 / P$

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

2.2. Temario

1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais: clasificación e diferenciación. A reforma da Constitución española.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Os dereitos fundamentais recoñecidos na constitución.
3. Dereitos e deberes da cidadanía. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual. A persoa defensora do pobo.
4. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento, Presidencia e Consello da Xunta. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
5. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Validez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Notificación dos actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos: alzada e reposición; recurso extraordinario de revisión.
6. O procedemento administrativo: concepto e principios xerais. Clases. As persoas interesadas. Estrutura do procedemento administrativo. A administración electrónica.
7. O municipio: organización e competencias. A poboación. O padrón municipal de habitantes. Órganos de goberno: Pleno, Alcaldía, Xunta de Goberno Local e outros órganos municipais. A Policía Local como servizo municipal.

8. Ordenanzas, regulamentos e bandos municipais: elaboración, aprobación e publicación. Licenzas e comunicacións previas. Tramitación.
9. Función pública local: clases de persoal. Adquisición e perda da condición de persoa funcionaria. Dereitos, deberes e incompatibilidades do persoal funcionario. Situacións administrativas.
10. Lei de forzas e corpos de seguridade: principios básicos de actuación. Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e policías autonómicas. Funcións da Policía Local.
11. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento: organización, selección, formación, mobilidade e réxime disciplinario. Os vixilantes municipais: funcións e responsabilidades.
12. Lei de emerxencias de Galicia e normativa básica de protección civil: planificación, dirección e coordinación de emerxencias. Protección civil municipal. Funcións da Policía Local en emerxencias e grandes catástrofes.
13. Policía administrativa I: intervención municipal en materia de consumo, mercados, venda ambulante, espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
14. Policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. Protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental. Contaminación acústica e ruídos.
15. O Código Penal: delitos e penas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables.
16. Delitos contra a orde pública: atentado, resistencia e desobediencia á autoridade e aos seus axentes. Desordes públicos.
17. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades típicas, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
18. A detención: concepto, clases e requisitos. Prazos de detención. Dereitos da persoa detida. Asistencia letrada. Procedemento de habeas corpus. Responsabilidades do/da axente de policía.
19. Lei de protección da seguridade cidadá: disposicións xerais. Identificación persoal. Potestades xerais e especiais. Seguridade cidadá en reunións e manifestacións. Réxime sancionador.
20. Normas de circulación e circulación especial I: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, rotondas, pasos de peóns e vehículos de emerxencia. Cambios de dirección e sentido: xiros, incorporacións e adiantamentos.

21. Normas de circulación e circulación especial II: parada e estacionamento. Vehículos especiais e transportes: transporte escolar, mercadorías perigosas, transporte público e vehículos de mobilidade persoal.
22. Alcol e drogas na condución: límites legais, probas de detección e sancións. Procedementos de control.
23. A sinalización vial: clasificación, normas xerais de sinalización e orde de prioridade.
24. Procedemento sancionador en materia de tráfico e actuacións complementarias: inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio e outras infraccións graves.
25. Igualdade de xénero e violencia de xénero: igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo. Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Protección das vítimas e actuación policial ao abeiro da normativa do Estatuto da Vítima do Delito.

3. Probas de avaliación do coñecemento da lingua galega

A proba de avaliación do coñecemento da lingua galega consistirá na tradución por escrito dun texto do castelán ao galego e outro texto do galego ao castelán, elixidos por sorteo entre dous (2) textos propostos polo tribunal de cada alternativa.

O tempo máximo para a realización da proba será de sesenta (60) minutos.

Esta proba cualificarase como apto/a ou non apto/a, sendo necesario obter a cualificación de apto/a para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento da lingua galega conforme ao nivel Celga 3 esixido no proceso selectivo.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista en lingua galega, que limitará a súa actuación á colaboración na súa especialidade técnica e asistirá ás sesións con voz e sen voto.

De conformidade co Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, están exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

A acreditación da exención deberá realizarse mediante a presentación da documentación xustificativa nos termos e prazos previstos na convocatoria, e en todo caso con anterioridade á realización desta proba. A falta de acreditación no prazo establecido determinará a obrigatoriedade de realizar o exercicio.

4. Probas físicas

As probas de aptitude física que deberán realizar as persoas aspirantes á categoría de vixiante municipal serán as previstas para o ingreso na categoría de policía, recollidas no Anexo I, apartado 4, ás que se lles aplicarán, integramente, os requisitos previos e acreditación de aptitude, a descrición dos exercicios, as condicións de execución, as marcas exixibles e os criterios de cualificación establecidos nese anexo.

5. Probas psicotécnicas

As probas psicotécnicas que deberán realizar as persoas aspirantes ao acceso ás prazas de vixiante municipal serán as mesmas que as establecidas no Anexo I, apartado 5, para o ingreso na categoría de policía dos corpos de Policía Local de Galicia, e rexeranse pola súa descrición, contido, corrección, valoración e criterios de superación alí previstos.

6. Recoñecemento médico

O recoñecemento médico das persoas aspirantes ao acceso ás prazas de vixiante municipal será o mesmo que o establecido no Anexo I, apartado 6, para o ingreso na categoría de policía dos corpos de Policía Local de Galicia, e realizarase conforme ao cadro de exclusións, condicións e criterios de cualificación alí previstos.

7. Puntuación final da persoa aspirante

A puntuación final das persoas aspirantes corresponderá á cualificación obtida na proba de avaliación dos coñecementos, referida ao temario aplicable, sen prexuízo do carácter eliminatorio do resto das probas.

Anexo VII. Selección de persoal auxiliar de policía local: probas selectivas e temario

1. Probas da fase de oposición

De conformidade co disposto no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, a selección de auxiliares de Policía Local realizarase polo sistema de oposición. Así mesmo, o citado decreto establece que as probas que integran a fase de oposición, na orde en que deberán realizarse, son as seguintes:

a) Proba de coñecementos, consistente na avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.

b) Proba de coñecemento da lingua galega, para aquelas persoas que non o acrediten documentalmente.

c) Probas de aptitude física.

2. Acreditación da aptitude psicofísica

Xunto coa solicitude de participación, a persoa aspirante deberá presentar un certificado médico oficial, expedido por facultativo/a colexiado/a, no que se faga constar expresamente que non concorre nela ningunha das causas recollidas no cadro de exclusións médicas previsto para o acceso á categoría de policía, contido no Anexo I, apartado 6.6, desta orde.

A falta de presentación do certificado nos termos e prazos establecidos na convocatoria determinará a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

3. Probas de avaliación dos coñecementos

3.1. A proba de avaliación dos coñecementos consistirá na realización, por escrito, dun cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha será correcta.

As preguntas axustaranse ó temario recollido neste anexo e distribuiranse entre o conxunto dos temas de maneira equilibrada, de forma que se garanta unha representación adecuada dos distintos temas.

O cuestionario incluirá, ademais, un mínimo de cinco (5) preguntas de reserva, que substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que poidan ser obxecto de anulación, sen que iso supoña ampliación do tempo máximo de realización da proba.

O tempo máximo para a realización desta proba será de sesenta (60) minutos.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para superala.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

N = (A − F/3)*10 / P

onde N é a nota final da proba, A o número de respostas acertadas e F o número de respostas erradas e P o número total de preguntas da proba de test.

3.2. Temario

1. O municipio: organización e competencias. A poboación. O padrón municipal de habitantes. Órganos de goberno: Pleno, Alcaldía, Xunta de Goberno Local e outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos municipais. Clases e procedemento de elaboración, aprobación e publicación.
3. Licenzas e comunicacións previas. Réxime básico e tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normativa de desenvolvemento. Réxime disciplinario.
5. Lei de emerxencias de Galicia. Protección civil municipal.
6. Policía administrativa I: intervención municipal en materia de consumo, mercados, venda ambulante, espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos públicos.
7. Policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. Protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental. Contaminación acústica e ruídos.
8. Delitos. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autoría e participación.
9. Delitos contra a seguridade viaria: modalidades, penas e medidas. Condución baixo a influencia do alcol ou drogas, exceso de velocidade e condución temeraria. Relación co ámbito sancionador administrativo.
10. Lei de tráfico e seguridade viaria e regulamentos de desenvolvemento: estrutura e conceptos xerais. Competencias municipais.
11. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Vehículos de mobilidade persoal. Cinto e casco de seguridade.
12. Circulación por zonas peonís. Actuación en caso de emerxencia. Sinalización viaria: clasificación e orde de prioridade. Seguro obrigatorio.

4. Probas de avaliación do coñecemento da lingua galega

A proba de avaliación do coñecemento da lingua galega consistirá na tradución por escrito dun texto do castelán ao galego e outro texto do galego ao castelán, elixidos por sorteo entre dous (2) textos propostos polo tribunal de cada alternativa.

O tempo máximo para a realización da proba será de sesenta (60) minutos.

Esta proba cualificarase como apto/a ou non apto/a, sendo necesario obter a cualificación de apto/a para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecemento da lingua galega conforme ao nivel Celga 3 exixido no proceso selectivo.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista en lingua galega, que limitará a súa actuación á colaboración na súa especialidade técnica e asistirá ás sesións con voz e sen voto.

De conformidade co Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, están exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

A acreditación da exención deberá realizarse mediante a presentación da documentación xustificativa nos termos e prazos previstos na convocatoria, e en todo caso con anterioridade á realización desta proba. A falta de acreditación no prazo establecido determinará a obrigatoriedade de realizar o exercicio.

5. Probas físicas

5.1. Requisitos previos e acreditación de aptitudes

Para a realización das probas de aptitude física, as persoas aspirantes deberán comparecer provistas de vestimenta deportivo axeitado. No día de realización destas probas, as persoas aspirantes deberán acreditar a súa aptitude mediante a presentación dun certificado médico oficial, subscrito por facultativo/a colexiado/a, no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas. A presentación do devandito certificado non exime da realización do recoñecemento médico previsto como proba do proceso selectivo.

O certificado médico debe ser expedido dentro dos quince (15) días naturais inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física. A non presentación do devandito certificado no momento indicado

determinará a exclusión automática do proceso selectivo da persoa aspirante e, en consecuencia, a súa non participación nas probas de aptitude física.

5.2. Cualificación e carácter das probas

A cualificación global das probas de aptitude física será de apto/non apto. As probas terán carácter obrigatorio, eliminatorio e non compensable, de xeito que para ser declarada apta será necesario obter a cualificación de apto en cada un dos exercicios que as integran.

5.3. Tipo de probas físicas

As probas desenvolveranse pola seguinte orde e con marcas diferenciadas por sexo:

a) Forza

b) Resistencia

c) Natación

5.4 Proba de forza

A proba de forza determinará a potencia do tren inferior mediante a realización dun salto vertical que se efectuará nun ximnasio ou nun espazo adecuado, con chan horizontal e unha parede vertical, lisa e sen obstáculos, que permita a correcta marcación das alturas.

A persoa aspirante situarase en posición de partida, de pé, de lado xunto á parede, cun brazo totalmente estendido cara arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura alcanzada nesta posición. A continuación, separarase aproximadamente vinte (20) centímetros da parede e realizará un salto vertical, marcando novamente coas dedas o nivel máximo alcanzado.

Para a correcta realización do exercicio observaranse as seguintes regras:

a) Permitirase o movemento dos brazos e a flexión do tronco e dos xeonllos; non obstante, non poderá separarse do chan ningunha parte dos pés con anterioridade ao salto.

b) O salto deberá executarse cos dous pés simultaneamente.

c) Permitirase un máximo de dous intentos, exclusivamente no suposto de que o primeiro resulte nulo.

A marca obtida será a diferenza, expresada en centímetros, entre a altura rexistrada na posición de partida e a altura acadada no salto, e deberá ser igual ou superior á marca mínima seguinte:

- Homes: 33 cm
- Mulleres: 28 cm

5.5 Proba de resistencia

A proba de resistencia consistirá na realización dunha carreira de 1.000 metros lisos, que se efectuará nunha pista de atletismo.

A persoa aspirante situarase no lugar que lle indique o persoal responsable da proba. A saída realizarase en posición de pé, ao sinal que se estableza pola supervisión.

A proba cualificarase como apto/non apto. Para obter a cualificación de apto será necesario non exceder as seguintes marcas máximas, expresadas en minutos e segundos:

- Homes: 5 min (05´00´´)
- Mulleres: 5 min e 30 s (05´30´´)

A proba realizarase nun único intento.

Será cualificada como non apta a persoa aspirante que abandone a pista durante a carreira ou que realice unha saída nula, por iniciar a carreira antes do sinal emitido polo persoal responsable da proba.

5.6 Proba de natación

A proba de natación consistirá en nadar vinte e cinco (25) metros, en estilo libre, e realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido establecido sen necesidade de realizar viraxes.

A persoa aspirante poderá adoptar a posición de saída, á súa elección, de calquera das formas seguintes:

a) Sobre a plataforma de saída ou no bordo da piscina.

b) No interior do vaso, caso no que deberá permanecer en contacto co bordo no punto de saída ata o sinal correspondente.

Emitido o sinal de saída polo persoal responsable, as persoas aspirantes iniciarán a proba mediante impulso na parede ou mediante submersión, segundo a posición de saída adoptada, e efectuarán o percorrido empregando calquera estilo de natación.

Calquera saída realizada antes do sinal do persoal supervisor terá a consideración de saída nula e determinará a cualificación de non apto.

A proba cualificarase como apto/non apto. Para obter a cualificación de apto será necesario non exceder as seguintes marcas máximas, expresadas en segundos:

- Homes: 27 s (27´´00)
- Mulleres: 30 s (30´´00)

A proba realizarase nun único intento.

Para a realización da proba de natación, as persoas aspirantes deberán empregar traxe de baño, que achegarán elas mesmas, do modelo que libremente elixan. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares, así como calquera tipo de axuda á flotabilidade e/ou ao incremento da velocidade.

6. Puntuación final da persoa aspirante

A puntuación final das persoas aspirantes corresponderá á cualificación obtida na proba de avaliación dos coñecementos, referida ao temario aplicable, sen prexuízo do carácter eliminatorio do resto das probas.